

PEC

IES AFONSO X O SABIO

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO I.E.S. AFONSO X O SABIO

- 1 LEXISLACIÓN BÁSICA
- 2 CENTRO E O SEU ENTORNO
 - 2.1 TITULARIDADE.
 - 2.2 RÉXIME ECONÓMICO
- 3 SINAIS DE IDENTIDADE
- 4 FORMACIÓN DE OBXECTIVOS XERAIS
- 5 ESTRUCTURA ORGANIZATIVA
 - 5.1 RECURSOS MATERIAIS
 - 5.2 RECURSOS HUMANOS
 - 5.3 OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS
 - 5.4 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA
 - 5.5 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - 5.6 DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
 - 5.7 ACTIVIDADES PERMANENTES
 - 5.8 COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES
- 6 ENSINANZAS QUE SE IMPARTEN
 - 6.1 A ESO
 - 6.2 BACHARELATO
 - 6.3 CICLOS DE GRADO MEDIO
 - 6.4 CICLOS DE GRADO SUPERIOR
 - 6.5 PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI)
- 7 NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- 8 SECCIÓNS BILINGÜES
- 9 SERVICIOS COMPLEMENTARIOS. O TRANSPORTE ESCOLAR
- 10 PARTICULARIDADES ORGANIZATIVAS
 - 10.1A BIBLIOTECA
 - 10.2AS GARDAS
 - 10.3A TITORÍA
 - 10.4PLANO DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO
- 11 AVALIACIÓN E REVISIÓN DO P.E.C.

1. LEXISLACIÓN BÁSICA.

LOE

-Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (BOE do 4 de maio de 2006).

FUNCIONAMENTO DOS CENTROS.

- Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes. (BOE do 21 de novembro de 1995).

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (DOG do 9 de agosto de 1996).

- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 pola que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento. (DOG do 2 de setembro de 1997).

ESO.

- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 13/07/07)

- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 12/09/07).

- Corrección de erros: Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 24/09/07).

-AVALIACIÓN:

- Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 07/01/2008).

- Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 24/06/2008).

BACHARELATO.

- Real Decreto 1467/2007, de 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas. (BOE 06/11/2007).

- Corrección de erros do Real Decreto 1467/2007, de 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas. (BOE 07/11/2007).

- Decreto 126/2008, do 19 de xuño de 1994, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 23/06/2008).

- Orde do 29 de maio de 2008 pola que se autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coa nova ordenación establecida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 04/06/2008).

- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/06/2008).

- Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta. (DOG 27/06/2008).

- Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo. (DOG 29/09/2008).

- Orde do 23 de xuño de 2009 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo. (DOG 01/07/2009).
- Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa. (DOG 01/06/2011).

AVALIACIÓN:

- Decreto 126/2008, do 19 de xuño de 1994, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 23/06/2008).
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/06/2008).
- Orde de 22 de abril de 2010 pola que se establece o procedemento que compre seguir nas reclamacións outorgadas no segundo curso de bacharelato na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 04/05/2010).

FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA.

- Decreto 101/1999, do 25 de marzo, pola que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en administración e finanzas (DOG 23/04/1999).
- Decreto 191/2010, do 28 de outubro, pola que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en xestión administrativa (DOG 24/11/2010).
- Decreto 30/2007 do 1 de xullo, pola que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 16/03/2007).
- Decreto 114/2010 do 1 de xullo, pola que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo de Galicia (DOG 12/07/2010).
- Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 08/03/2007).
- Corrección de erros. Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 09/03/2007).
- Orde do 23 de abril de 2007 polo que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior. (DOG 07/05/2007).
- Orde do 5 de xuño de 2007 polo que se regula o procedemento admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas. (DOG 15/06/2007).
- Orde do 2 de decembro de 2008 polo que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo. (DOG 16/12/2008).

AVALIACIÓN.

- Orde de 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 09/08/2007).

PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL.

- Orde do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 21/07/2011).
- Orde do 10 de outubro de 2011, pola que se establece a oferta dos programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 28/10/ 2011).

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE.

- Real Decreto 1892/2008, do 14 de novembro, pola que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades españolas. (BOE 24/11/2008).
- Corrección de erros do Real Decreto 1892/2008, do 14 de novembro, pola que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades españolas. (BOE 28/03/2009).
- Corrección de erros do Real Decreto 1892/2008, do 14 de novembro, pola que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades españolas. (BOE 21/06/2009).
- Real Decreto 558/2010, do 7 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 1892/2008, do 14 de novembro, pola que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades españolas. (BOE 08/05/2010).
- Orde do 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia. (DOG 04/11/2011).

RECLAMACIÓNS.

- Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato a que o seu rendemento escolra sexa avaliado conforme a criterios obxectivos. (BOE do 20 de setembro de 1995).
- Orde de 22 de abril de 2010 pola que se establece o procedemento que compre seguir nas reclamacións outorgadas no segundo curso de bacharelato na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 04/05/2010).
- Orde de 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 09/08/2007).

DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS.

- Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

ORIENTACIÓN EDUCATIVA.

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 27 de abril de 1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 . (DOG do 31 de xullo de 1998).

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .

- Decreto 320/1996, do 26 de xullo , de ordenación na educación de alumnos con necesidades educativas especiais. (DOG 06/08/1998).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril , pola que se regula a orientación académica e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/1998).
- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/1995).
- Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (DOG 19/12/ 1996).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG 28/11/1996).
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/08/1998).

- Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria. (DOG 21/08/2007).
- Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG 30/01/2003).
- Circular nº 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para atender a diversidade na educación secundaria obrigatoria (regula os agrupamentos específicos e os programas de ciclo adaptado).

PERSOAL NON DOCENTE.

- Resolución do 23 de maio de 2002, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación , no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.(DOG de de 2002).

2. O CENTRO E O SEU ENTORNO.

O CONCELLO.

O Instituto de Educación Secundaria “Afonso X O Sabio” de A Barcala, está situado no Concello de Cambre, municipio da provincia de A Coruña. Limita ao norte co de O leiros , co de Carral ao sul, ao leste cos de Bergondo e Abegondo e ao oeste co de Culleredo. Ten a xaneiro de 2011 23.930 habitantes, e encóntrase a 12 km. de distancia de A Coruña. O termo comunícase pola estrada N-550, pola autoestrada A-9 e varias estradas locais, ademais da liña de ferrocarril con estación en Cambre (de uso moi restrito).

En canto á morfoloxía , a altitude media do Concello non sobrepasa os 110 metros; o terreo é ondulado, posúe abundantes fragas e vales (Lema, na parroquia de Brexo). Regan as súas veigas a ría do Burgo, formada polo río Mero e os seus afluentes Barcés, Brexa e Valiña que recorren o Concello. No seu curso existen dous muíños, o da Barcala e o de Cambre.

Entre os restos artísticos e arqueolóxicos deste termo cabe destacar os castros de Cambre, Sigrás e Pravío, así como as igrexas románicas de Santa María de Cambre e Santiago de Sigrás, ámbalas dúas do século XII..

ENTORNO INMEDIATO.

O I.E.S. “Afonso X O Sabio” está situado, dentro do Concello de Cambre, na parroquia de Santa María de Cambre, cunha poboación de 6.982.habitantes, en xaneiro de 2011 (29% da poboación municipal), e dista 3 km. da capital do Concello. Comunícase pola Autoestrada do Atlántico. Alcanza unha altitude máxima de 40 metros, e está bañada polo Mero.

O templo parroquial, do século XII, foi bailía dos cabaleiros do Temple.

Pode accederse mediante transporte público da compañía ASICASA ata a rotonda de entrada á Urbanización na que está situado. Hai autobuses cada 15 minutos, na dirección Cambre e na dirección O Temple- O Burgo(Culleredo)- A Coruña (Estación de Autobuses).

A finca que ocupa o edificio está concretamente situada na fin da Urbanización de A Barcala, nunha pequena baixada. Limita polo norte coa vía do tren e o río Mero, con fincas adicadas a uso particular nos límites polo sul e as vivendas da propia urbanización, construída e habitada dende mediados da década do oitenta, de onde procede unha grande parte do alumnado do Centro.

Diante do edificio ocupado polo I.E.S. foi construída pola Deputación de A Coruña para ser cedida para o seu uso ao Concello de Cambre, unha piscina. que o propio alumnado do centro usa nalgúns clases de Educación Física.

Os accesos á finca que ocupa o I.E.S. dentro da Urbanización A Barcala son un dos graves problemas que temos prantexados na actualidade, pois é imprescindible o acceso a través da propia urbanización, desde calquera das dúas rotondas de acceso, que conflúen nunha única vía que leva ao Centro, de dobre sentido, pero que finaliza na glorietta determinada pola piscina. Os accesos están saturados de tráfico en horas punta e podería haber problemas graves no caso de producirse unha emerxencia.

OS EDIFICIOS.

O edificio principal foi construído entre os anos 1998 e 1999 e entregado con data cara a comezar a ser usado no curso 1999-2000.

Non obstante, sucederonse distintos locais (CEIP “ O Graxal- O Temple, IES de Culleredo) xa funcionou como tal I.E.S. N° 2 de Cambre durante o curso 1998-1999.

Ata o momento non foi inaugurado oficialmente.

Durante o curso 2005-06 construíuse un edificio anexo con 10 aulas, no que dende o curso 2010/11 impartense as clases de 4º de ESO e Bacharelato.

O NOME.

Durante o curso 1999-2000, despois de distintas consultas, solicitudes de propostas aos distintos sectores da comunidade docente, procedeuse, mediante votación a elixir un nome para o novo I.E.S. do Concello de Cambre, resultando maioritariamente elixido o de “Afonso X O Sabio”, vencellado ao lugar por ser este rei o que outorgara as terras aos cabaleiros do Temple, e así apareceu oficialmente recoñecida no D.O.G.

-TITULARIDADE. RÉXIME ECONÓMICO.

O I.E.S. “Afonso X O Sabio” de Cambre é un centro de titularidade pública e, polo tanto, de ensino gratuito.

Como todo centro público de ensino, é aconfesional.

Está financiado, na súa meirande parte (94 %) pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con cargo ao presuposto orzamentario aprobado anualmente para tal Consellería polo Parlamento da Xunta de Galicia. Durante o ano 2009 o orzamento do centro a cargo da Consellería foi de 90.469.euros. A esta cantidade hai que engadir a procedente do FSE (Plan Mora, PCPI) de 5351,93. Tal orzamento aparece repartido en tres partidas que son do 40% no mes de marzo, un 30% en xullo e o restante 30% en outubro. Contamos tamén cunha aportación económica que envía o Ministerio de Educación , para o desenvolvemento do programa P.R.O.A.

A proposta do orzamento é presentada no primeiro trimestre de cada ano, unha vez que se coñece, o importe adjudicado ao instituto, para o seu coñecemento a Claustro de Profesores e para a súa aprobación, se procede, ao Consello Escolar do centro. A fins de cada xaneiro, a execución do presuposto do ano inmediatamente anterior, unha vez cerrado o estado de contas, é novamente levado a Claustro e Consello Escolar, paso previo á perceptiva presentación do estado da contabilidade e xustificación do gasto diante dos organismos que sosteñen economicamente o centro: a Consellería de Educación e o Fondo Social Europeo.

Ademáis, téñense recibido, no citado ano, aportes doutros organismos públicos e privados en relación a distintas actividades para as que se solicitaron tales axudas ou por determinados premios obtidos por alumnado do centro que repercutiron nel. A cantidade total doutros aportes económicos (incluídos os de gasto para libros de biblioteca, así como o aportado en relación ao Programa Comenius que se está a desenvolver).

O MAPA EDUCATIVO DE CAMBRE. CENTROS ADSCRITOS.

O I.E.S. “Afonso X O Sabio” ten tres centros de primaria adscritos: o C.E.I.P. “Wenceslao Fernández Flórez” de Cambre, o C.E.I.P. O Graxal e o C.E.I.P. Portofaro.

Aportan alumnos ó Centro na porcentaxe (curso 2010/11) do 24 % o Wenceslao Fernández Flórez, o 17 % o Graxal e o 47 % o Portofaro. O 12 % restante procede de centros diversos.

Asimesmo, hai alumnos de fóra do Estado.

Relación cos centros adscritos.

A falta de ter elaborado un plan que recolla organizativamente a relación necesaria entre este IES e os centros de primaria adscritos a el, que os vencelle de maneira “normal”, dado que uns son o comezo e outro(estes IES) a continuación máis frecuente no camiño educativo e académico dos alumnos desta área, parece necesario comezar cuns puntos de relación imprescindibles:

1. Na época de febreiro en que o alumnado ten que facer a súa reserva de praza, no centro do que vén, cara ao centro adscrito, algún membro do equipo directivo do centro, acompañado dalgún membro do departamento de orientación, desprazaranse aos centros adscritos a fin de poñerse en contacto, primeiro coas direccións respectivas e os claustros respectivos, e despois, dos propios alumnos, aos que o paso do seu centro de primaria a un descoñecido centro de secundaria obrigatoria e postobrigatoria pode poñer medo real.

Entregaríaselles unha información sinxela acerca dos estudos que van comezar, das ensinanzas que se imparten no centro e do funcionamento do centro.

Tamén, segundo o criterio e opinión que amosen as direccións deses centros, no último trimestre do curso membros do equipo directivo, do departamento de orientación e dos departamentos didácticos (de 1º ciclo, preferentemente) se ofrecerían a unha reunión cos pais do alumnado de 6º de primaria.

2. No mes de maio, nas datas que se concerten coas direccións dos centros adscritos, neste IES, recibiríase ao alumnado que se incorporara no mes de setembro, amosándolles as instalacións do centro, entregándolles unha pequena información acerca dos medios materiais, etc.

Estas accións completaranse coa recepción de alumnos de 1º de ESO a comezos de setembro, en moitos casos acompañados polos pais ou titores respectivos, e cos reunión vespertina para os pais de alumnos que se celebra no mes de outubro.

3. SINAIS DE IDENTIDADE.

A) CONFESIONALIDADE.

O centro, como parte dun sistema público baseado no pluralismo, a liberdade ideolóxica e relixiosa dos individuos e a aconfesionalidade do Estado recollido na Constitución, será ideoloxicamente neutral e aconfesional.

Esta neutralidade impón a todos os membros da comunidade educativa a renuncia a calquera tipo de adoutramento ideolóxico, proselitismo ou sectarismo, definíndose o centro como pluralista, respectuoso con todas as tendencias culturais, ideolóxicas e relixiosas que respecten e practiquen o respecto polos dereitos humanos.

B) LINGUA DE APRENDIZAXE.

A cultura dun pobo ten na súa lingua o vehículo de expresión propio e a manifestación máis evidente da súa riqueza e da súa diversidade.

O centro asume o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística, e o galego como lingua vehicular do centro no desenvolvemento das distintas áreas e materias. Coidará que a vía administrativa e as relacións coa comunidade se fagan na lingua propia de Galicia, como medio activo de contribuír á súa normalización dentro da comunidade.

Planos específicos que garantan a consecución progresiva destes obxectivos serán anualmente artellados.

Exercendo en todo caso a mesma tolerancia e o mesmo respecto que reclamamos para a lingua galega e o seu uso, como valores básicos da convivencia, a poñer en práctica en todos os aspectos da vida do centro, e especialmente neste tan sensible para cada unha das persoas, inmersas nunha delicada e dolorosa diglosia lingüística, a superar, pero que non pode ser obviada ou negada.

C) LIÑA METODOLÓXICA.

O centro intentará, como liña xeral común, desenvolver unha educación en valores e unha formación integral para o alumnado do centro, traballando cara ao desenvolvemento do espírito crítico que lles permita formar as súas propias opinións, fomentando unha actitude participativa que os prepare para a saída ao mundo exterior cunha actitude positiva de intervención nese mundo, respectando os diversos ritmos evolutivos e das súas capacidades intelectuais, e de maduración, preparándoos para a convivencia, en fin, dando alomenos tanta importancia á formación humana como á preparación académica que lles permita adquirir contidos, técnicas e estratexias cara a completar a súa formación no futuro

.A actividade educativa e docente terá, por tanto, como obxectivo desenvolver no alumnado o afán de coñecemento, a capacidade de análise da realidade, a busca de informacións obxectivas, o espírito crítico e reflexivo e a capacidade de decisión.

Ademais, primarase a aprendizaxe interdisciplinar de todos os contidos do currículo que o permitan, a través da coordinación dos distintos departamentos e das actividades complementarias e extraescolares.

Promoveranse hábitos de respecto, orde e bo trato como parte dun ambiente propicio para o estudio e a convivencia.

Para unha adecuada integración do alumnado ao mundo cada día máis complexo e competitivo das novas tecnoloxías, farase un esforzo específico na adecuación dos medios dixitais dispoñibles e no aumento das actividades que capaciten aos alumnos para o seu uso.

A colaboración na aprendizaxe, a axuda mutua e a participación en traballos e actividades comúns, fomentarán unha actitude cooperativa e solidaria fronte ao exceso de competitividade persoal.

D) PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS.

A educación e a convivencia desenvolveranse nun marco de solidariedade, tolerancia, e respecto á liberdade dos outros, ás súas diversas personalidades e ás súas distintas conviccións e culturas.

O centro garantizará a liberdade de conciencia e de pensamento; ninguén poderá ser obrigado a declarar ou manifestar a súa ideoloxía, relixión, crenza ou identidade sexual.

Ten que garantir, asimesmo, o principio de igualdade de dereitos e deberes para todos os membros da comunidade educativa: alumnos, profesores, familias ou persoal non docente.

O centro debe rexeitar de maneira explícita e activa calquera tipo de discriminación, sexa por razón de raza ou de lingua, de nacemento ou de orixe, de educación ou de capacidades, de relixión ou costumes, e de sexo ou de opinión, apostando claramente por unha educación na que non se dean mostras ou exemplos nen de tolerancia con tales actitudes nen cos que, intolerantemente, discriminan aos diferentes.

Nas situación en que sexa procedente un trato diferenciado, este realizarase coa finalidade de corruxir desigualdades persoais de feito que dificulten as aprendizaxes ou a correcta integración das persoas.

O centro ten que garantir a liberdade de expresión a todos, dentro dun marco democrático e plural. E ademais ten que ser un exemplo ou mostra de funcionamento en liberdade, de actuacións tolerantes e respectuosas con todas as persoas.

Atendendo a estes valores democráticos de convivencia e diálogo, o noso centro ten desenvolto o servizo de mediación escolar, facilitando unha oportunidade ás persoas cun conflito para falar do problema e tentar de chegar a un acordo de forma positiva e productiva.

E) MODALIDADE DE XESTIÓN INSTITUCIONAL.

O centro preconizará unha xestión participativa e democrática, real e efectiva, en todos os estamentos que o compoñen, por medio dos seus organismos representativos, e favorecerá e impulsará as relacións coas institucións do seu entorno.

Tal xestión participativa e democrática concretarase nas periódicas reunións establecidas para cada un dos órganos de decisión e goberno e/ou control do centro, e na asunción por parte da dirección do centro da súa pronta e correcta posta en práctica.

4. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS.XERAIS.

Ao tempo que a formación académica, levar a cabo unha verdadeira e profunda educación en valores, plural e participativa, respectuosa cos outros, co obxectivo final de formar persoas, cidadáns do sistema democrático capaces de apreciar a liberdade, a igualdade, a oportunidade da participación, como bens irrenunciabes; coas súas propias opinións, froito do desenvolvemento do seu espírito crítico e da busca persoal da información, reflexivos e conscientes dos valores propios.

- a. Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado, físico, psíquico e social, para que sexan persoas sas e responsables, capaces de emitir e interpretar mensaxes, de enxuzar feitos e de desenvolverse con autonomía no seu entorno sociocultural sen seren manipulados.
- b. Procurar aos alumnos a mellor formación académica que lles posibilite o seu progreso persoal tamén nese ámbito.
- c. Contribuír a unha formación personalizada e respectuosa cos distintos ritmos e capacidades de cada alumno, procurando levarlos a conseguir o máximo das súas posibilidades.
- d. Favorecer a integración de todos os alumnos, especialmente daqueles que, polas súas características singulares, poidan atopar maiores dificultades ou ser menos aceptados nos seus grupos, promovendo en todas as actividades o respecto polas persoas, polas súas opinións e as súas crenzas.

- e. Promover a orientación educativa e profesional que favoreza a toma de decisións coherentes e realistas e que facilite ao alumnado o acceso a outras etapas educativas ou ao mundo laboral.
- f. Propiciar o coñecemento e a vinculación do alumnado co medio natural, coa historia, coa cultura e as súas diversas manifestacións e coa realidade do seu entorno máis próximo e galega ,en xeral
- g. Potenciar o uso da lingua galega e contribuír á súa normalización .
- h. Potenciar o plurilingüismo.
- i. Porover a “visibilización” da realidade LGTB no Centro e contribuír á integración do alumnado LGTB nel favorecendo a visibilización fronte á evitación e/ou negación, facilitando, promovendo e garantindo actividades interdisciplinares e/ou extraescolares que posibiliten a apertura e respecto á diversidade LGTB.
- j. Procurar a proxección do centro cara ao exterior, e incrementar as relacións con outras entidades:
 - Cos centros de primaria adscritos e o outro instituto de secundaria do Concello a fin de compartir experiencias e actividades que a todos enriquecen, e que nalgúns casos posibilita tales experiencias e actividades,
 - Co propio Concello, a fin de conseguir unha relación fluída nas dúas direccións, dado que desde diferentes ámbitos ambos traballamos a prol da xuventude do Concello, e das súas familias,
 - Con calquera outra entidade que ofrezca ao centro actividades ou colaboración que se poida aproveitar para mellorar a formación integral do noso alumnado,
 - Coa participación nos programas europeos que faciliten ao profesorado e alumnado do centro a posibilidade de coñecer algo distinto e de aprender de outros e de comunicarse con eles, como paso fundamental para unha comprensión máis cabal do diverso mundo en que vivimos e poian transmitir esas experiencias a outros,
 - Coa realización de actividades complementarias e extraescolares que permitan ao alumnado aproveitar as saídas para un maior e mellor coñecemento dese mundo, e relacionar o exterior coas materias curriculares.
 - Coas empresas que prestan a súa colaboración cos distintos programas de formación profesional específica, (ciclo medio, ciclo superior e garantía social), para que esa colaboración imprescindible se vexa incrementada e se convirta en habitual; para que colaboren á integración laboral do noso alumnadoCoas empresas posibles como colaboradoras nas prácticas do noso alumnado, para que coñezan a cualidade da formación integral (coñecementos, habilidades, pero tamén responsabilidade, honestidade) que transmitimos aos nosos alumnos, e faciliten así a súa integración no mundo laboral da comarca.
- k. Tratar de conseguir cidadáns responsables capaces de influír positivamente sobre o entorno que os rodea e o medio ambiente, e de difundir aquelas actitudes de solidariedade, respecto, tolerancia, etc. que recibiron como ensinanza no propio centro.

A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Obxectivos que nos propoñemos:

1. Artellar aqueles mecanismos organizativos que nos permitan unha mellor e máis rápida detección de todo tipo de problemática: psíquica, física, sensorial, social...que presente o alumnado no momento de ser incorporado ao centro.
2. Poñer en marcha as medidas organizativas ,e de todo tipo, necesarias para, unha vez coñecidas as distintas situacións, comezar alguha acción que teña como consecuencia, ben implicar aqueloutros organismos que dispoñan de medios para intentar solventar ou poñer en camiño aquelas situacións especiais, ben dende o punto de vista estrictamente educativo dar camiño a algunhas situacións, aínda que sexa de maneira provisoria, para procurar unha mellor integración do alumnado que chega a este I.E.S..
3. Implicar a outros organismos a fin de que colaboren na solución desta problemática.
4. Poñer en coñecemento de toda a comunidade educativa a enorme preocupación que suscitan estes datos a fin de recabar axuda e comprensión .
5. Integrar educativamente de maneira inmediata a aqueles alumnos que procedan doutros estados e presenten unhas dificultades académicas tan importantes que lles impidan unha adecuada integración no entorno escolar, mediante

a adaptación particular de planos previamente artellados con carácter máis xeral e á vista dos datos doutro alumnado que presentou unha problemática similar.

6. Manter un contínuo contacto coas familias deste alumnado a fin de que colabore no encauzamento máis adecuado da problemática e das posibles melloras dela destes alumnos.
7. Fomentar o coñecemento e o respecto a diversidade LGTB.
8. Implicar a toda a comunidade educativa na erradicación da homofobia e do sexismo.

A NORMALIZACIÓN DO I.E.S. "AFONSO X O SABIO"


Obxectivos que nos propoñemos:

1. Asumimos a lingua galega como lingua oficial do centro, coidando que a vida administrativa e as relacións coa comunidade se fagan en galego, para contribuír á súa normalización.
2. Temos a vontade de avanzar dun xeito decidido no proceso de normalización, fuxindo das prácticas desgaleguizadoras e asumindo un papel activo na eliminación de prexuízos.
3. Unha vez que na actualidade os mínimos fixados pola administración educativa teñen cumprimento neste I.E.S., intentaremos que se dea o medre do seu uso como lingua vehicular, conforme ao progreso neste aspecto que a lei demanda.
4. Procurarase o emprego de materiais didácticos en lingua galega, de maneira que a utilización dunha ou doutra lingua se faga dun xeito coherente.
5. Elaborarase un plano de atención particularizada para aqueles alumnos procedentes doutras comunidades ou países a fin de lograr unha correcta integración lingüística e falta de prexuízos respecto da lingua galega.
6. Estableceranse anualmente estratexias dirixidas a todos os sectores da comunidade educativa encamiñadas ao incremento do uso da lingua galega, tanto no eido de lingua vehicular dos distintos materiais do currículo, como no eido de lingua vehicular normal de desenvolvemento do conxunto de actividades do centro.

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

A organización xeral do centro é a establecida polo Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico de Institutos de Ensinanza Secundaria (DOG de 9 de agosto de 1996) e a posterior Orde de 1 de agosto de 1997, pola que se desenvolve o citado decreto (DOG de 2 de setembro de 1997).

O organigrama, como en todo centro de titularidade pública é, pois, o seguinte:



ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO:

- O Consello Escolar.
- O Claustro de Profesores.

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO:

- 1.- O Equipo Directivo:
 - Director/a.
 - Vicedirector/a.
 - Xefe/a de estudos.
 - Secretario/a.
- 2.- Outros:
 - Xefes/as dos departamentos didácticos.
 - Coordinadores/as de ciclos formativos.
 - Titores.

ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO:

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Os Departamentos Didácticos.
- As Xuntas de Avaliación.
- Os Equipos Docentes.

ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO:

- As Xuntas de Delegados/as.

ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DOS PAIS:

- A N.P.A. "Castelao".

(Os distintos órganos de goberno participan activamente na xestión e control do centro, ademais do propio Concello de Cambre, no Consello Escolar do centro, que é o máximo órgano de decisión).

5.1 RECURSOS MATERIAIS.

O Edificio principal do centro conta coas seguintes instalacións:

- 23 aulas para ESO (19 grupos, 2 PDC de 3º e 4º, PROA e unha aula de desdobre).
- Dúas pistas deportivas descubertas e un ximnasio cuberto.
- Salón de Actos, para espectáculos, conferencias,... dotado cun equipo de megafonía móvil, ordenador e canon de vídeo.
- Biblioteca.
- Aulas específicas para impartir:
 - Informática (3)
 - Música (2)
 - Tecnoloxía (2)
 - Laboratorios de Física e Química
 - Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía
 - Plástica
 - Debuxo
 - Idiomas (2)

- Audiovisuais
 - Aula con pizarra dixital
 - Apoio
 - Convivencia
- Dúas salas de recepción de país (na planta baixa, á dereita).
 - Cafetería, en concesión a unha empresa privada, que se renova anualmente, despois de valoración por todos os sectores educativos no último Consello Escolar Ordinario de cada curso escolar.

O Edificio auxiliar (ou aulario) do centro conta coas seguintes instalacións:

- 10 aulas para Ciclos e Bacharelato (7 grupos e 3 aulas de desdobres).
- Aula de Informática -- Audiovisuais
- Salón de Actos, para espectáculos, conferencias,... dotado cun equipo de megafonía móbil, ordenador e canon de vídeo.

5.2 RECURSOS HUMANOS

A) PERSOAL DOCENTE

No I.E.S. "Afonso X O Sabio" están a desenvolver labor como docentes (no curso 2011-2012) 69 profesores.

En relación ás ensinanzas que imparten, a distribución é a seguinte:

1. Imparten ESO exclusivamente: 23 (8 homes e 15 mulleres).
2. Imparten bacharelatos exclusivamente: 3 (1 home e 2 muller).
3. Imparten FP exclusivamente: 7 (4 homes e 3 mulleres).
4. Imparten ESO e ensinanzas postobrigatorias simultaneamente: 33 (12 homes e 21 mulleres).
5. Departamento de orientación: 3 (2 homes e 1 muller): orientador, 1 (home), pedagogía terapéutica, 2 (1 home e 1 muller).

Respecto á distribución por categorías do profesorado antes citado,

a) Catedráticos de ensino secundario: 3 (homes)

a) Profesores de ensino secundario: 56 (18 homes e 38 mulleres), con destino definitivo: 43, con destino provisional: 13

b) Profesores técnicos de formación profesional: 2 (2 mulleres), - con destino definitivo: 2, con destino provisional: 0

c) Mestres: 7 (5 homes e 2 mulleres), con destino definitivo: 6, con destino provisional: 1

d) Profesores de relixión: 1 (home), con destino definitivo: 1, con destino provisional: 0

Do total dos 69 profesores, hai 27 homes, un 39,1%, e 42 mulleres, que constitúen o 60,9% do claustro. Só 1, 1,4%, a tempo parcial.

Dese mesmo total, 55 do profesores teñen destino definitivo no centro, o que supón unha porcentaxe de 79,7% do claustro, fronte aos 14 con destino provisional, 20,3%.

Destes datos poden sacar, alomenos, dúas conclusións ben evidentes:

1. Unha maioría de profesorado do sexo feminino, factor fundamente relacionado coa situación, condición e consideración do traballo docente, por un lado, e co tradicional papel da muller na sociedade.
2. Unha porcentaxe moi significativa de profesorado con destino definitivo, por tanto profundamente interesado na marcha do centro e na contribución á construción da súa propia personalidade, sen minimizar o papel que o profesorado con destino provisional, en moitos casos repetindo, ven desempeñando ata este momento e incluso as diferentes perspectivas que lles proporciona en moitos casos ese obrigado deambular polos centros de ensino.
3. Dada a diversidade do alumnado e as NNEEE do Centro precisase máis persoal no Departamento de Orientación.

B.PERSOAL NON DOCENTE.

Do total de 9 persoas que constitúen o total do persoal non docente deste I.E.S., a distribución corresponde a:

- a. Persoal administrativo: 2 (mulleres), con destino definitivo.
- b. Persoal de servizos e subalterno: 7, 3 mulleres e 1 home con destino provisional de persoal de limpeza e 2 homes e unha muller con destino definitivo de persoal subterno.

5.3 OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Segundo se recolle no Real Decreto 324/1996, do 26 de xullo, no seu Art. 71º:

“Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias”.

No Art. 72º se determina a súa composición: “...estarán compostos por tódolos profesores e profesoras que impartan o ensino propio das áreas, materias ou módulos profesionais asignados ó departamento”.

Os locais dos departamentos didácticos ocupan a ala dereita, segundo se accede ao centro, da planta baixa, xunto coa Sala de Profesores, que se encontra ao final dela, ao lado da escaleira dereita de acceso aos pisos superiores. Algúns locais de departamentos son compartidos, pois no proxecto inicial non se contou, ao parecer, con todos os posibles, que ao longo destes catro cursos se foron completando.

No IES “Afonso X O Sabio” hai 19 departamentos didácticos, compostos , respectivamente (curso 2011-2012), polo profesorado que se cita de seguir:

Departamento Didáctico	Catedrático/a	Profesores Secundaria		Profesores de Primaria	
		Def.	Non def.	Def.	Non def.
LINGUA GALEGA E LIT.		4	2		
LINGUA CASTELÁ E LIT.		4	2	1	
LATÍN		1			
INGLÉS	1	4	1		
FRANCÉS		3			
FILOSOFÍA		1			
XEOGRAFÍA E HISTORIA	2	2	1	1	
MATEMÁTICAS		5	2	1	
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		3		2	
FÍSICA E QUÍMICA		2			
EDUCACIÓN FÍSICA		1	2		
MÚSICA		2			
TECNOLOXÍA		2	1		
EDUC. PLÁSTICA E VIS.		2	2		

ECONOMÍA		1	
FOL		1	
ORIENTACIÓN		1	1 1
RELIXIÓN		1	
ADMINISTRATIVO		4 2 (PTFP)	

Despois de enumerar as competencias dos departamentos, establécese no 74º a designación dos xefes de departamento, que serán designados polo director/a do instituto e nomeados polo Delegado de Educación por un período de catro anos, función que será desempeñada por un catedrático numerario de bacharelato, un PES coa condición de catedrático adquirida, se non houbera catedrático numerario, ou PES ou PTFP con destino definitivo, de non existir profesores dos corpos antecitados.

Competencias fundamentais dos xefes de departamento, recollidas no Art.75ª, son:

- Representar ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- Participar na elaboración do PCC de etapa
- Redactar a programación didáctica das áreas e materias do departamento e realizar o seguimento dela.
- Dar a coñecer ao alumnado as programacións, obxectivos mínimos e criterios de avaliación.
- Realizar as convocatorias dos exames de libres e extraordinarios, sempre en coordinación coa xefatura de estudos; presidir a realización dos exercicios e avalialos, en colaboración co resto do departamento-
- Resolver as reclamacións de final de curso, de acordo coa deliberación dos membros e elaborar os informes pertinentes.

E, ademais, no caso do departamento didáctico de Administrativo, único departamento da familia profesional deste IES,

- Colaborar na planificación da oferta de materias na ESO e no bacharelato, relacionadas coa iniciación profesional.
- Colaborar co coordinador da FCT e titores dos ciclos e o PCPI no fomento das relacións cos centros de traballo.

Segundo se recolle na Orde de 1 de agosto de 1997, os departamentos didácticos celebrarán reunións semanais, na hora que a tal fin se recolle nos horarios persoais, para facer o seguimento do desenvolvemento das programacións didácticas. O xefe de departamento levantará actas dos acordos das reunións.

Despois das avaliacións de xuño, á vista das actas e informes do departamento, o xefe recollerá nunha memoria: as modificacións introducidas á programación, coa motivación delas e a análise dos resultados das avaliacións coas propostas de revisión cara ao seguinte curso. Tal memoria será entregada ao xefe de estudos no prazo que estableza a dirección do centro para poder facer a avaliación da programación xeral anual.

CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO ENTRE DEPARTAMENTOS

Estes criterios foron aprobados polo claustro o 13 de abril de 2010

1. Os gastos de cada departamento correrán a cargo dos presupostos do centro que elabora o Equipo directivo xunto coa comisión económica, que son aprobados polo Consello Escolar. Teranse en conta, en todo caso, os seguintes criterios:
 - a. 22 % da cantidade a repartir para o Departamento de Actividades Extraescolares, 6 % para a Biblioteca, 5 % para Normalización Lingüística, 25 % a repartir a partes iguais entre 17 departamentos didácticos (agás Administrativo e Orientación, que teñen asignacións independentes) e o 42 % a repartir entre os 17 departamentos didácticos atendendo ao número de alumnos, e o número de horas de clase por alumno impartidas, asignando un índice de ponderación de 1,5 a 6 departamentos (Bioloxía, Física e Química, Música, Debuxo, Educación Física e Tecnoloxía) e o resto 1.
 - b. Poderá chegarse a acordos entre dous ou máis departamentos para determinados gastos.

- c. Irán a cargo do presuposto xeral do centro:
 - As reparacións do material inventariable (vídeos, proxectores, material xeral...).
 - As suscripcións a revistas de carácter xeral.
 - d. Correrán a cargo do presuposto de cada departamento:
 - As actividades complementarias organizadas por cada departamento, sen prexuízo do canon que se poderá cobrar a cada alumno en concepto de transporte ou entrada.
 - As suscripcións ás revistas especializadas.
2. Os libros para a biblioteca correrán a cargo do seu presuposto específico.
 3. Cada departamento destinará os cartos ao material que os seus membros, de mutuo acordo, crean conveniente. En caso de non haber acordo, decidirá a maioría. O voto do xefe de departamento é de cualidade.
 4. Estes criterios poden revisarse anualmente.

5.4 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Conforme ao decreto 324/1996, no seu Art. 77º:

“1. Nos institutos de educación secundaria existirá unha comisión de coordinación pedagóxica, que estará integrada polo director ou directora, que será o seu presidente, o xefe ou xefa de estudos, os xefes de departamento, o coordinador do equipo de normalización lingüística, o profesor ou profesora de apoio a alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, o coordinador de formación en centros de traballo e de xeito voluntario os restantes dinamizadores; actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director ou directora, oídos os restantes membros”.

(As competencias dela aparecen recollidas nos seguintes puntos do antecitado artigo.)

Polo tanto, neste IES, a CCP está formada por 24 profesores.

Cada ano, a petición dos profesores da comisión, é renovada a tarefa de exercer como secretario/a, tendo acordado que sexa rotatoria por departamentos

Conforme á Orde de 1 de agosto de 1997, a CCP. “Reunirse como mínimo unha vez ó mes e celebrará unha sesión extraordinaria ó comezo de curso, outra ó finalizar este e cantas outras se consideren necesarias”.

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica fórmanse subcomisións ou subgrupos para realizar diferentes tarefas de forma máis rápida..

As datas das reunións da CCP presentaranse na primeira reunión ordinaria da comisión, aínda que a marcha dos diferentes cursos pode facer inevitable un cambio de datas.

Os diferentes puntos das sucesivas convocatorias acomodaranse ao establecido nas reunións ou ás inquietudes dos departamentos expresadas a través dos seus xefes/as diante da dirección do centro.

Tamén é posible presentar iniciativas particulares, mediante escrito simple .

Durante o mes de setembro, seguindo a Orde, os traballos da comisión comezarán , ás vista das memorias da fin do curso anterior, co exame dos proxectos curriculares de etapa e as posibles modificacións a eles. Tamén, tendo en conta as suxestións do xefe ou xefa de estudos proporá ao claustro de profesores o plan xeral das sesións de avaliación e cualificación, ordinarias e extraordinarias, dos alumnos/as.

5.5 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No Título III.- Órganos de coordinación docente do Decreto 324/1996, aparece recollido, no seu Art. 53º, como tal departamento específico de coordinación docente.

A normativa particular que rixe a orientación educativa e profesional en Galicia é a que se recolle no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1988 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

(No Decreto 120/1998, nas Disposicións Derrogatorias, establece que quedan derogados os artigos 54,55,56 e 57 do Decreto 324/1996 e a Orde do 8 de agosto de 1985 sobre os equipos psicopedagóxicos de apoio.).

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo establece a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional entre os principios aos que debe atender a actividade educativa.

“...a educación asume a misión de posibilitar que todos e cada un dos cidadáns desenvolva na escola o máximo das súas potencialidades e elabore un proxecto de vida persoal que poida transcender, se é o caso, condicionantes de partida desfavorables. Este reto, que asume a escola como lugar de construción da igualdade de oportunidades, implica un rotundo cambio, tanto teórico como institucional, na concepción, organización e desenvolvemento da orientación educativa...”

“Os departamentos de orientación han de constituír dentro de cada centro o garante de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ó profesorado e ás familias”.

No Art. 1º.

“1. Nos institutos de educación secundaria créase un departamento de orientación que abranguerá no seu plan de actuación as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria, e os de educación primaria adscritos a el”.

No Art. 3º establece quen forma parte do departamento de orientación dos IES:

1. Os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de psicoloxía e pedagogía existentes no centro).
2. O profesor ou profesora de pedagogía terapéutica...,o especialista de audición e linguaxe, que exercen a función de apoio á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
3. O xefe do departamento de orientación de cada un dos colexios de educación infantil e primaria e de educación primaria adscritos ao instituto de educación secundaria.
4. Un titor ou titora por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico- tecnolóxico.
5. Un profesor ou profesora que imparta a área de formación e orientación laboral, nos institutos nos que se imparta formación profesional específica.

As funcións fundamentais que aparecen recollidas no Art. 6º son:

- Valorar as necesidades educativas do alumnado e deseñar programas específicos de intervención.
- Elaborar, de acordo coas directrices da CCP,, propostas do plan de orientación académico e profesional e do plan de acción tutorial do centro, ofrecendo ao profesorado soporte técnico para o seu desenvolvemento.
- Participar na elaboración de PEC e PCC dos centros, incidindo na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos criterios da avaliación formativa.
- Deseñar accións encamiñadas á prevención de dificultades e problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- Facilitar ao alumnado apoio e asesoramento para enfrontar os momentos escolares máis decisivos.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

No Art. 7º se recollen as funcións da xefatura do departamento e no 8º as dos equipos de orientación específicos.

Asimesmo, ao comezo de cada curso escolar, no mes de setembro, a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional dicta instrucións máis concretas a fin de unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario de Galicia.

A vital importancia do labor que o departamento de orientación desempeña neste centro, e en calquera outro, derivada da importancia das función que a el se atribúen, fai imposible un bo funcionamento do centro sen a súa colaboración entre ese departamento e o resto dos órganos docentes e directivos, e viceversa.

De maneira que, para unha maior fluidez na comunicación entre o equipo directivo de turno do centro e o departamento artellouse unha reunión semanal entre a xefa do departamento de orientación e o/a xefe/a de estudos do centro e/ou outro

membro do equipo directivo a fin de tratar regularmente os asuntos puntuais que xurdan e facer o seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais, dos casos derivados anteriormente, etc.

En relación á comunicación cos titores, cada vez que se solicite do departamento de orientación ou por calquera dos profesores que desempeñen o labor de tutoría no centro, a xefatura de estudos convocará reunión para tratar aquel ou aqueles temas que se consideren de interese. Para o curso próximo aprobouse incluír nos horarios de profesores esta hora de coordinación semanal, por cursos, de maneira que se vexa organizativamente facilitado este labor.

A presenza da xefa do departamento de orientación do centro e da profesora que se encarga da atención directa ao alumnado con necesidades educativas especiais na comisión de coordinación pedagóxica, que leva a cabo as súas tarefas con periodicidade mensual, garante a coordinación co resto dos xefes de departamentos do centro. Ademais, calquera solicitude doutra reunión sería inmediatamente atendida, dada a importancia da temática que manexa o departamento de orientación, en relación ás súas especiais características dentro dos centros educativos.

En relación á comunicación coas familias, por medio do teléfono xeral do centro, calquera pai/nai/titor pode solicitar cita para poñerse en contacto directamente cos membros do departamento.

Por outro lado, en razón das súas competencias, teñen contacto frecuente coa Asistencia Social do Concello e outros organismos que poden colaborar á información acerca de certas situacións ou dar outras solucións complementarias a determinados casos relacionados con alumnado do centro e as súas familias. Evidentemente, todo iso co maior respecto e coidado coa información sensible que manexan, absolutamente confidencial, dado o seu carácter. Soamente aqueles datos de coñecemento necesario por parte dun membro do persoal do centro trascenden o departamento, garantindo en todo caso a confidencialidade dos datos recibidos como tales ou aqueles delicados pola súa natureza.

O departamento de orientación do IES ten locais situados na planta baixa, á esquerda conforme se entra, despois de conserxería.

Dispón dun orzamento propio, dada a vertente de orientación profesional que asume como parte das súas tarefas propias.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (Curso 2010/11).

En 1º de ESO hai dous grupos que teñen alumnado con necesidades educativas especiais (AC, reforzos, ...) e, polo tanto, coa presenza dunha mestra de Pedagogía Terapéutica (PT). Cos catro grupos restantes formáronse dous agrupamentos específicos (aproximadamente de 10 alumnos cada un)

En 2º de ESO tamén hai dous grupos que teñen alumnado con necesidades educativas especiais (AC, reforzos, ...) e, polo tanto, coa presenza dunha mestra de Pedagogía Terapéutica (PT). Cos catro grupos restantes formáronse dous agrupamentos específicos (aproximadamente de 10 alumnos cada un)

Existe un programa de Diversificación Curricular de dous anos, que conta cun grupo de 1º ano en 3º de ESO, onde están integrados 9 alumnos. e o 2º ano de Diversificación Curricular en 4º de ESO, que conta con 6 alumnos.

Con medidas ordinarias de atención á diversidade levadas a cabo na aula por parte do profesorado das respectivas asignaturas e sen medidas organizativas especiais están o resto de alumnado con modificación da idade de escolarización obrigatoria (no aspecto de permanencia un ou máis anos)

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS. FUNCIONAMENTO.

Segundo o Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e o seu funcionamento, e a Orde da Consellería de Educación do 1 de agosto de 1997 (D.O.G. 2 de setembro de 1997) pola que se dictan as instrucións para o desenvolvemento do citado Decreto, o Programa anual de actividades complementarias e extraescolares incluír as relacións secuenciadas e temporalizadas de:

- a. As actividades complementarias que vaian realizarse.
- b. As actividades extraescolares de carácter cultural que se realicen en colaboración cos diversos sectores da comunidade educativa ou en aplicación de acordos con outras entidades.
- c. As viaxes de estudio e intercambios escolares que se pretenden realizar.
- d. As actividades deportivas e artísticas que se vaian celebrar dentro o fóra do recinto escolar.
- e. A organización, o funcionamento e o horario da biblioteca do instituto.

Para a elaboración do Programa anual de actividades complementarias e extraescolares teranse en conta as propostas dos distintos Departamentos, que se solicitarán por escrito nun dos primeiros Claustros do curso, para ser entregados na Vicedirección na primeira quincena de outubro, do profesorado, do alumnado e os pais e nais dos alumnos, seguindo as orientacións do Claustro e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

En base ás propostas formuladas, á disponibilidad económica e ao propio criterio da Dirección, a Vicedirección redactará a programación das actividades complementarias.

Ao elaborar o proxecto, procurarase que o alumnado participante nas actividades obteña o máximo aproveitamento formativo, o que supón:

- a. Tentar que as actividades teñan relación directa cos Proxectos Curriculares.
- b. Que sempre que sexa posible se traballe con criterios de transversalidade, obtendo froito do máximo de áreas e/ou materias posibles.
- c. Tentar que o alumnado teña a maior participación posible.
- d. Que cada actividade vaia precedida ou seguida de actuacións de preparación e seguimento e que se procure valorar a resposta e aproveitamento de cada alumno ou alumna.

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan con alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc., se realizan fóra do horario lectivo. En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dunha ensinanza oficial do currículo.

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requerirá autorización previa por escrito dos pais ou tutores, sempre que se desenvolvan fóra do centro. No caso de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender aos alumnos que non participen nelas (por parte do profesorado de garda, con actividades encargadas polo profesor que leva a cabo a actividade, a realizar na biblioteca do centro, fundamentalmente).

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- a. Aprobación do Consello Escolar.
- b. Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos e alumnas que están baixo a responsabilidade paterna ou de titor legal.
- c. O alumnado será acompañado polo profesorado correspondente na proporción dun profesor/a por cada vinte alumnos. (Esta "ratio" é distinta no caso de haber desprazamento fóra do Estado, pasando a ser dun profesor/a por cada dez alumnos).

A Xefatura de Estudos poderá privar da asistencia a unha actividade a aqueles alumnos ou alumnas que amosaron unha conducta reiteradamente inadecuada nas clases, tal e como recolle o RRI. Este alumnado permanecerá no centro atendidos polo docente correspondente ou polo de garda.

A non ser as conmemoracións aprobadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e as expresamente aprobadas polo Consello Escolar, evitarase a realización de actividades complementarias (especialmente as visitas) desde o inicio do mes de maio, co obxecto de evitar calquera distorsión das actividades docentes nas últimas semanas do curso.

VIAXES DE FIN DE CURSO

O Consello Escolar poderá autorizar viaxes de fin de curso para conmemorar o remate dunha etapa educativa. Para evitar que estas viaxes se convirtan nunha simple excursión lúdica, o que resultaría inadecuado pola vinculación co centro de estudos, establécense os seguintes criterios:

1. Só se poderán organizar viaxes de estudos para os cursos que rematen a ESO e o Ciclo Formativo de Grao Superior.

2. O alumnado participante, xunto con algún docente e a Vicedirección, constituirán unha comisión organizadora da viaxe, que terá dúas misións fundamentais:
 - Elaborar unha proposta de programa da viaxe.
 - Deseñar actividades para recaudar fondos.
3. O programa da viaxe deberá incluír, entre outras, actividades de tipo cultural, medioambiental, social, ou de outro tipo, que sirvan de complemento aos coñecementos adquiridos nos estudos. Unha vez elaborado, será sometido ao Consello Escolar.
4. As actividades de recaudación de fondos, cando se desenvolvan no centro ou impliquen de calquera xeito ao instituto, deberán contar coa autorización previa da Dirección, e non deberán, en ningún caso, promocionar estereotipos, actitudes ou condutas que contradigan os valores básicos da educación.
5. Os fondos achegados a través de ditas actividades deberán permanecer en todo momento controlados a través dos propios alumnos e dun grupo de pais e profesores que designe o Consello Escolar.
6. A participación do alumnado será voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou tutores.
7. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos.
8. A Xefatura de Estudos poderá privar da asistencia a unha actividade a aqueles alumnos ou alumnas que amosaron unha conduta reiteradamente inadecuada nas clases, tal e como figura no RRI.
9. A viaxe de fin de curso realizarase cando produza menor distorsión académica e teña o menor custe económico para as familias.
10. Na viaxe de fin de curso seguirá en vigor o RRI. Os docentes responsables poderán determinar o regreso anticipado dalgún participante, cos gastos a afrontar polos tutores legais, en caso de vulneración grave do RRI ou das ordes impartidas polos docentes responsables. Será imprescindible que a Dirección do centro estea de acordo con esta medida.

Os gastos das viaxes a realizar por docentes acompañando ao alumnado correrán a cargo destes. Aqueles gastos (normalmente de manutención) que non foran incluídos nos prezos das viaxes serán abonados en concepto de dietas polo centro.

5.6 ACTIVIDADES PERMANENTES.

DINAMIZACIÓNS

Hai 6 profesores encargados de dinamizacións no centro, que teñen por funcións as recollidas na Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do componente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións.

Dinamizador/a de Biblioteca que, en colaboración co profesorado, elabora o proxecto anual da Biblioteca e o proxecto lector. Asesora ao profesorado en técnicas de animación a lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documenta.

Dinamizador/a de Apoio a xestión económica do Centro, que colabora co/a secretario/a nas tarefas administrativas e de xestión.

O dinamizador/a de T.I.C. asesora e promove o uso das novas tecnoloxías como recurso didáctico e colabora no mantemento das aulas de Informática.

O dinamizador/a de Proxectos Europeos fomenta a participación do centro en programas europeos e coordina os proxectos nos que se está a participar.

O dinamizador/a de Calidade informa sobre cursos de formación de interese para o profesorado, así como de recursos didácticos a empregar, colabora no mantemento da páxina web do centro, propón a participación do alumnado en concursos ou certames, que poden ser de interese para a súa formación.

O dinamizador/a de Convivencia traballa na elaboración do plan de convivencia, participa activamente no programa de formación de mediadores no centro, formando parte do Equipo de Mediación e promove iniciativas para mellorar a convivencia.

COMENIUS.

O Programa Comenius ten por obxecto reforzar a dimensión europea no campo da educación, promovendo actividades de cooperación entre centros educativos de Europa.

Os proxectos ofrecen o alumnado e o profesorado dos diferentes países a oportunidade de traballar xuntos nun ou en máis campos temáticos de interese mutuo.

As asociacións de centros escolares axudan ao alumnado e ao profesorado a mellorar as súas competencias non so no tema ou na área principal na que se centra o proxecto, senón tamén en termos de traballo en equipo, relacións sociais, planificación e actividades de participación en proxectos e no uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Participar nunha asociación con centros educativos de diferentes países tamén ofrece o alumnado e o profesorado a oportunidade de practicar idiomas e aumentar a súa motivación para o aprendizaxe de linguas.

O IES Afonso X O Sabio leva anos participando neste programa, desenvolvendo diferentes proxectos con centros de Francia, Italia, Alemaña, Turquía, etc. E novamente neste curso 2010-2011 concedéuselle ó noso centro: “IES Afonso X O Sabio” outra Asociación Comenius, para traballar con outros cinco centros europeos durante dous anos. O proxecto titúlase “Health, getting fit for Europe”, a lingua de traballo é o inglés e nel traballan alumnos de 4º de ESO e de 1º de Bacharelato.

Xunto co IES Afonso X O Sabio de Cambre (A Coruña) participan os seguintes centros:

(o centro alemán é o coordinador)

FRANCE : Lycée le kreisker Saint Pol de Léon

ITALY: Istituto comprensivo Paolo Balsamo Castrofilippo / Sicilia

POLAND : Gimnazjum nr 6 w Mysłowicach

LITHUANIA: kelmes j.graiciuno gimnazija Kelme

GERMANY: Realschule Tamm Tamm

OUTRAS ACTIVIDADES - PROFESORADO.

Este I.E.S. depende do Centro de Formación e Recursos de A Coruña. Del temos recibido, como todos os centros adscritos, non soamente o libro que anualmente recolle a maioría das convocatorias de cursos e outras actividades de formación para o profesorado (nos últimos anos en soporte dixital, a través dunha páxina WEB da Consellería de Educación), senón tamén a invitación a expresar as necesidades de formación de todo tipo que o profesorado sinta, a fin de organizar calquera actividade non prevista inicialmente que suscite un importante interese, dentro do diferente tipo de convocatorias que proxectan.

Por veces, actividades non recollidas nese libro anual son ofertadas aos centros.

Ademais, grande cantidade de material do CEFORE (traballos elaborados por todo o profesorado que participou nos diversos cursos, materiais audiovisuais, bibliografía especialmente de didáctica e temas relacionados, etc.) é posta a disposición dos profesores que o soliciten (Pepín Rivero s/n, 15011- A Coruña, Tfno. 34 981 2742221).

5.7 COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES.

A inserción dos centros educativos no seu entorno, tanto no máis próximo xeograficamente como no máis lonxado no espazo, é un reto ao que non se debe renunciar. Polo tanto, a colaboración con calquera entidade, en actividades que resulten de interese e proveito para o alumnado do centro, son un obxectivo básico para a nosa comunidade educativa.

As propostas de colaboración vehicularanse a través do membro do equipo directivo co que teñan máis relación (habitualmente Vicedirección).

Poñeranse en coñecemento do Claustro de Profesores mediante unha nota informativa, en caso de afectar ao normal desenvolvemento das actividades docentes.

A colaboración co Concello de Cambre , tanto coa Concellalía de Cultura como de Educación é frecuente. (A representante do Concello no Consello Escolar do Centro é a Concelleira de Educación).

É asimesmo frecuente a relación, tanto desde a Dirección do Centro como do Departamento de Orientación do mesmo cos técnicos da Concellería de asuntos Sociais do Concello, cara a tratar de resolver aquelas situacións puntuais ou duradeiras que necesitan de colaboración entre ambas as dúas entidades.

O outro I.E.S. do Concello , “David Buján” de Sigrás, o propio Concello de Cambre o o noso I.E.S. veñen colaborando desde o curso 1999-2000 nun certame literario que alternadamente organiza cadanseu centro e que co paso dos anos vai acadando maior número de traballos presentados e de máis cualidade, afianzándose coma un importante acto cultural da Semana das Letras Galegas dentro do Concello.

O Concello de Cambre (área de Educación, cultura e deporte), colabora dente o curso 2006/07 co departamento de Bioloxía – Xeoloxía no concurso fotográfico que convoca e organiza dito departamento, concedendo o primeiro premio.

A colaboración co “David Buján” non só existe en relación coa celebración do certame literario, senón que se estende á programación de actividades de interese para ambos centros, de maneira que unha racionalización dos custos nos permita dispoñer a ambos dunha ampla oferta para o alumnado do Concello.

Existe unha colaboración anual con Departamentos das Facultades das Universidades de A Coruña e Santiago e o Instituto de Ciencias da Información (I.C.E.) para a realización da fase de prácticas (Practicum) conducentes á obtención do Master de profesorado.

Asimesmo, en varias ocasións, a fin de realizar traballos de diverso tipo, alumnado e investigadores destas Universidades se teñen posto en contacto cos departamentos didácticos deste I.E.S. para solicitar colaboración deles.

Cada ano o centro organiza algunhas actividades en colaboración coa Garda Civil para informar ao alumnado sobre os perigos das Redes Sociais.

O Equipo de Normalización Lingüística do centro, xunto coa Consellería de Educación promove a participación do alumnado no Correlingua.

6 ENSINANZAS QUE SE IMPARTEN.

No IES “Afonso X O Sabio”, A Barcala, de Cambre, unha vez completadas as ensinanzas previstas, impártense dous tipos de ensinanzas:

- a. Obrigatorias: a ESO, ensino secundario obrigatorio.
- b. Postobrigatorias:
 1. Bacharelato LOXSE, nas modalidades:
 - Humanidades e Ciencias Sociais.
 - Ciencias e Tecnoloxía.
 2. Ciclo Formativo de Grao Medio de Xestión Administrativa.
 3. Ciclo Formativo de Grao Superior de Administración e Finanzas.
 4. Programa de Cualificación Profesional Inicial (Modalidade C mixta), con 6 perfiles:
 - Carpintaría
 - Cociña
 - Fontanaría, Calefacción e climatización domésticas.
 - Mantemento de vehículos
 - Peiteado
 - Servizos administrativos.

6.1 A ESO.

Este IES ten asignadas catro liñas de ESO (catro grupos por curso), e dicir 16 grupos en total. No último ano (2010 – 11) este Centro tivo 19 grupos (6 de 1º, 6 de 2º, 4 de 3º e 3 de 4º).

Ademais hai dous grupos de PDC de 3º de ESO e 4º de ESO, que teñen a maior parte da carga horaria individualizada do grupo de referencia co que comparten o ensino dun número reducido de materias.

ITINERARIOS en 4º de ESO.

1. Educación Física 2. Lingua Castelá e Literatura 3. Lingua Galega e Literatura 4. Ciencias Sociais				
5. Matemáticas A ou B (dependendo do itinerario escollido) 6. Ética 7. Titoría				
8. 1ª Lingua Estranxeira: <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés				
9. Relixión: <input type="checkbox"/> Católica <input type="checkbox"/> Evanxélica <input type="checkbox"/> Islámica <input type="checkbox"/> Xudea <input type="checkbox"/> Historia e cultura das relixións <input type="checkbox"/> Atención educativa				
	†ITINERARIO A	†ITINERARIO B	†ITINERARIO C	†ITINERARIO D
	5. Matemáticas B	5. Matemáticas B	5 Matemáticas <input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> B	5. Matemáticas A
TRONCAIS	10. Física e Química 11. Tecnoloxía 12. Ed. Plástica e Visual	10. Informática 11. Física e Química 12. Bioloxía e Xeoloxía	10. Latín 11. Música 12. Ed. Plástica e Visual	10. Música 11. Tecnoloxía 12. Ed. Plástica e Visual
OPTATIVAS (A elixir unha)	1. As optativas que se ofertan son: 2ª Lingua estranxeira, Cultura Clásica (se non foi cursada en 3º) e Taller de iniciativas emprendedoras (se non foi cursada en 3º). 2. Tamén poderá escoller como optativa unha materia troncal de calquera outro itinerario. Neste caso, esta posibilidade estará condicionada ás disponibilidades do Centro e, polo tanto, ata o mes de setembro non se lle poderá confirmar esta elección.			

ESTUDIO DO ALUMNADO.

Do total do alumnado matriculado no curso académico 2011-2012, o exame curso a curso é o seguinte:

1º de ESO.- 6 GRUPOS.-133 ALUMNOS (66 homes e 67 mulleres).

- repiten neste curso ...21 alumnos (7 homes e 14 mulleres).

2º de ESO.- 5 GRUPOS.- 124 ALUMNOS (80 homes e 44 mulleres).

- repiten neste curso...22 alumnos (14 homes e 8 mulleres).

3º de ESO.- (a)Sen PDC).- 5 GRUPOS.- 129 ALUMNOS (68 homes e 61 mulleres).

- repiten neste curso ...17 alumnos (11 homes e 6 mulleres)

3º de ESO.- (b) Con PDC).- 9 ALUMNOS (2 homes e 7 mulleres)

4º de ESO.- (a) Sen PDC).- 3 GRUPOS.- 68 ALUMNOS (39 homes e 29 mulleres)

- repiten este curso 8 alumnos (5 homes e 3 mulleres).

4º de ESO.- (b) Con PDC).- 9 ALUMNOS (6 homes e 3 mulleres)

A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN NA ESO.

A Orde do 21 de decembro de 2007 (DOG do 07/01/2008) modificada pola Orde do 23 de xuño de 2008 (DOG do 24/06/2008) establece o seguinte:

Artigo 6º.-Promoción.

1. Ao remate de cada un dos cursos e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de profesoras profesoras que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado.
2. O alumnado promocionará ao curso seguinte cando superase os obxectivos de todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias.
3. Excepcionalmente, unha vez realizadas as probas extraordinarias, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou un alumno con avaliación negativa en tres materias, se considera que a natureza das dificultades non lle impedirá seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica.
4. No cómputo das materias para efectos de promoción, consideraranse tanto as materias non superadas do propio curso como as de cursos anteriores. O proxecto interdisciplinar, cuxas características quedan expresadas no artigo 4, punto 8, non computará á hora de considerar o número de materias para os efectos de promoción ao seguinte curso académico.
5. A materia de ciencias da natureza do 3º curso, desdoblada en bioloxía e xeoloxía por un lado e física e química por outro, manterá o seu carácter unitario para efectos de promoción, de acordo co establecido no Decreto 133/2007.
6. O alumnado que promocione de curso sen ter superado todas as materias seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa. A avaliación do programa de reforzo será tida en conta para os efectos de cualificación das materias non superadas. Correspóndelles aos departamentos didácticos a organización destes programas. Cada profesor ou profesora desenvolverao no curso no que imparte docencia. Os centros educativos organizarán os procesos de avaliación da recuperación das materias pendentes.
7. Para o alumnado con altas capacidades poderase flexibilizar a duración da etapa, de modo que se poida reducir a súa duración, cando se considere que esta medida é a máis adecuada para o seu equilibrio persoal e a súa sociabilización, previa avaliación psicopedagóxica e logo de ter seguido un programa de enriquecemento do currículo.
8. O alumnado que non promocione permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta repetición irá acompañada dun plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas.
9. O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e, con carácter xeral, dúas veces como máximo en toda a etapa. Excepcionalmente, o alumnado poderá repetir unha segunda vez o cuarto curso se non repetise nos cursos anteriores. Cando a segunda repetición teña lugar no último curso da etapa, poderase prolongar a escolarización ata os dezanove anos.
10. O alumnado que ao finalizar o programa de diversificación curricular non estea en condicións de acadar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e cumpra os requisitos de idade establecidos poderá permanecer un ano máis no programa.
11. As decisións de promoción ao curso seguinte, do alumnado con tres materias non superadas, requirirá o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

Artigo 7º.-Titulación.

1. O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria superase todas as materias e alcanzadas as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
2. Así mesmo, poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou en dúas materias, e excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente que imparte no grupo considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impediú alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.
3. O alumnado que curse programas de diversificación curricular obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Así mesmo, poderá obter o mencionado título aquel alumnado que, tendo superado os dous ámbitos, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias e, excepcionalmente, en tres se o equipo docente considera alcanzadas, ao final do programa de diversificación curricular, as competencias básicas e os obxectivos xerais para a etapa.
4. O alumnado que curse un programa de cualificación profesional inicial obterá o título de graduado en educación secundaria se supera os módulos obrigatorios e os voluntarios aos que fai referencia o artigo 16.6º do Decreto 133/2007, do 5 de xullo.
5. O alumnado con dezaioito anos cumpridos que non fose proposto para o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e teña avaliación negativa ata nun máximo de cinco materias disporá, durante os dous anos inmediatamente seguintes ao remate da súa escolarización, dunha convocatoria anual de probas para superar as materias con avaliación negativa.

Esta convocatoria terá lugar no mes de xuño e será incompatible con estar cursando as ensinanzas de adultos ou coa presentación ás probas libres para obter o título de graduado en educación secundaria previstas na Lei orgánica de educación.

6. Para os efectos de titulación, computaranse como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores

7. O alumnado que non obtivese o título de graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá un certificado de escolaridade no que constarán os anos e as materias cursadas.

8. As decisións de titulación do alumnado con materias non superadas requirirán o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

6.2 BACHARELATO

Este IES conta con dúas liñas de bacharelato, dous grupos de 1º de bacharelato e dous grupos de 2º de bacharelato.

Cada liña correspondería a unha das modalidades ou tipos previstos e autorizados:

- a) Bacharelato de ciencias da natureza e da saúde.
- b) Bacharelato de humanidades e ciencias sociais.

Todas as modificacións a este número de liñas debe ser solicitada á Delegación Provincial, vía Inspección.

ITINERARIOS EN 1º BACHARELATO:

Materias Comúns	1. Ciencias para o Mundo C.	6.	Lingua estranxeira	Inglés I	7.		Relixión
	2. Lingua Castelá e Literat. I			Francés I			Atención Educativa
	3. Lingua Galega e Literat. I						
	4. Filosofía e Cidadanía						
	5. Educación Física						
	<input type="checkbox"/> ITINERARIO A	<input type="checkbox"/> ITINERARIO B	<input type="checkbox"/> ITINERARIO C	<input type="checkbox"/> ITINERARIO D			
Materias de Modalidade	Matemáticas I	Matemáticas I	Hª do Mundo C.	Hª do Mundo C.			
O Número mínimo de alumnos por cada materia é de 5.	Elixir dúas das seguintes:	Física / Química	Grego I	Matemáticas CS I			
	<input type="checkbox"/> Física / Química.	Biología e Xeoloxía	Latín I	Economía			
	<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Ind. I						
	<input type="checkbox"/> Debuxo Técnico I						
Optativas (unha)		Tecnoloxías da Información e da Comunicación					
O Número mínimo de alumnos para que se poida impartir unha optativa é de 10.		2ª Lingua Estranxeira I					
		Antropoloxía					
		Música					
		Literaturas Hispánicas					
		Unha materia propia de Modalidade de calquera itinerario.					

ITINERARIOS EN 2º BACHARELATO:

Materias Comúns	1. Historia de España	5.	Lingua estranxeira		Inglés II	6.		Relixión
	2. Historia da Filosofía				Francés II			Atención Educativa
	3. Lingua Galega e Literat. II							
	4. Lingua Castelá e Literat. II							
	<input type="checkbox"/> ITINERARIO A	<input type="checkbox"/> ITINERARIO B	<input type="checkbox"/> ITINERARIO C	<input type="checkbox"/> ITINERARIO D				
Materias de Modalidade	Matemáticas (obligatoria) II	Matemáticas (obligatoria) II	Xeografía (obligatoria)	Xeografía (obligatoria)				
	Elixir dúas das seguintes: <input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Ind. II <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico II	Elixir dúas das seguintes: <input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> CC. da terra e M.	Elixir dúas das seguintes: <input type="checkbox"/> Latín II <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Historia Arte <input type="checkbox"/> Literatura Univer.	Matemáticas CS II Economía empre.				
Optativas (unha)	Ética e filosofía do Dereito ,		Métodos Estatísticos e Numéricos					
O Número mínimo de alumnos para que se poida impartir unha optativa é de 10.	Xeografía e Historia de Galicia,		Segunda Lingua Estranxeira II					
	Filosofía da Ciencia e Tecnoloxía,		Xeoloxía					
	Literatura Galega do Século XX e da actualidade							
	Unha materia propia de Modalidade de calquera itinerario.							

ESTUDIO DO ALUMNADO.

Neste curso (2011 – 12) este Centro ten grupos de Bacharelato (3 de 1º e 2 de 2º).

1º de BACHARELATO.

No 1º curso de bacharelato deste ano académico hai un total de 70 alumnos. (O nº de graduados en ESO do curso anterior foi de 50).

Este IES ten adxudicadas dúas liñas de bacharelato, unha por modalidade e hai un gran desequilibrio nas peticións do alumnado entre os dou tipos ou modalidades do bacharelato que aquí están autorizadas para impartirse:

- Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía: 26 alumnos (1 grupo).
- Bacharelato de humanidades e ciencias sociais: 44 alumnos (2 grupos).

2º de BACHARELATO.

No 2º curso de bacharelato deste ano académico hai matriculados 68 alumnos.

- Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía: 25 alumnos (1 grupo).
- Bacharelato de humanidades e ciencias sociais: 43 alumnos (1 grupo).

A ratio que non pode excederse no bacharelato é de 33 alumnos, pero nunca se poden contar aqueles que repiten curso, sexa completo, sexa por asignaturas soltas.

As dificultades organizativas se incrementaron dada a complexidade das combinacións posibles e as distintas variables a ter en conta á hora de organizar un curso sen coñecer a matrícula máis que de maneira aproximada.

A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN NO BACHARELATO

Orde do 24 de xullo de 2008, modificada pola Orde do 5 de maio de 2011

As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

Permanencia dun ano máis no mesmo curso.

1. O alumnado que en primeiro de bacharelato obteña avaliación negativa en máis de dúas materias deberá cursar de novo o curso completo e será cualificado en todas as materias, agás no suposto previsto no punto 3 deste artigo.

2. Sen prexuízo do anterior, o alumnado con tres ou catro materias avaliadas negativamente no primeiro curso de bacharelato manterá a cualificación obtida anteriormente na mesma materia cando a nova cualificación sexa inferior.

En calquera caso, este alumnado estará suxeito aos mesmos dereitos e obrigas que o alumnado que se matricula por primeira vez no bacharelato e a cualificación de materias xa superadas outorgarase na avaliación final ordinaria.

3. No caso de que algunha das materias xa superadas deixase de ser impartida no centro, o alumnado poderá manter a cualificación obtida sen necesidade de matricularse nunha nova materia.

4. O alumnado que ao finalizar o segundo curso teña avaliación negativa nalgunha materia poderá:

a) Matricularse soamente das materias con avaliación negativa.

b) Matricularse de todas as materias de segundo, logo de solicitude á dirección do centro, coa finalidade de mellorar as súas cualificacións.

A este alumnado consideraráse, nas materias que xa teña superadas, a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta cualificación sexa superior á anterior.

A escolarización deste alumnado repetidor en ningún caso poderá implicar un incremento de grupos.

Titulación.

1. Obterá o título de bacharel o alumnado que curse satisfactoriamente o bacharelato en calquera das súas modalidades. Este título terá efectos académicos e laborais.

2. Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos desta etapa.

As materias de contidos progresivos (sinaladas como I e II) precisarán da superación da de primeiro curso para poder ser avaliada a de segundo.

6.3 CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO : XESTIÓN ADMINISTRATIVA.

Os ciclos formativos de grao medio teñen ata o curso actual unha duración de 1 curso e 1 trimestre, de setembro a decembro, en caso de ir aprobando os distintos módulos que compoñen o programa nas convocatorias ordinarias. A segunda quenda de prácticas nas empresas para aqueles alumnos/as que teñen que acudir ás convocatorias extraordinarias, levaríanse a cabo no período correspondente ao 2º trimestre do 2º curso, entre os meses de xaneiro e marzo. Desde o presente curso 2011-12 terá unha duración de dous cursos completos.

ACCESO:

Existen dúas formas de acceder aos ciclos formativos de grao medio, incompatibles entre si:

- a. Por acceso directo, para aquel alumnado que cumpre os requisitos de titulación:
 - Estar en posesión do título de graduado en ESO,
 - Estar en posesión do título de técnico auxiliar,
 - Estar en posesión do título de técnico,

- o Ter aprobado 2º de BUP
 - o Ter aprobado 2º do 1º ciclo experimental da reforma das ensinanzas medias,
 - o Ter superado 3º do Plan do 63 das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos
 - o Ter superado o 2º curso do Plan experimental
 - o Ter superados outros estudos declarados equivalentes aos anteriores.
- b. Por proba desenvolvida no artigo 22 do Real Decreto 1538/2006, do 15 de decembro, e na orde do 2 de decembro de 2008, na que se acreditará que o aspirante posúe coñecementos e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

Para poder concorrer á proba hai que ter cumpridos 17 anos ou cumplilos no ano da proba.

Para o acceso mediante proba a lexislación recolle unha reserva de prazas obrigatoria do 20% do total. Nos ciclos formativos de grao medio reservarase como mínimo o 10% das prazas que se oferten en cada ciclo para o alumnado con algún grao acreditado de discapacidade física, motora ou sensorial que obtivese dictame favorable da Comisión Autonómica de Escolarización.

OFERTA DE PRAZAS: 21.

ESTUDIO DO ALUMNADO.

Neste curso 2011-2012, están matriculados neste IES no ciclo formativo de grao medio da familia F-4 de Xestión Administrativa un total do 25 alumnos, repartidos así:

1º,2º e 3º trimestres (1º curso).- 1 GRUPO .- 14 alumnos (14 novos e 0 repetidores)

4º trimestre (2º curso).- 1 GRUPO .- 11 alumnos

A procedencia do novo alumnado:

- 3 alumnos (homes), a través da proba de acceso.
- 10 alumnos (4 homes e 6 mulleres), proceden de ESO.
- 1 alumno (home), procede doutros estudos de FP.

A partires deste ano académico 2011-12 a duración do ciclo medio será de dous cursos completos (2000 horas).

6.4 CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR: ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.

Os ciclos formativos de grao superior teñen unha duración de dous anos.

A formación de prácticas en empresa ocupa o terceiro trimestre do segundo ano, para aqueles alumnos que non necesiten de máis convocatorias que as ordinarias para superar os distintos módulos de formación previos a esa fase de prácticas.

ACCESO:

De igual maneira que no caso dos ciclos de grao medio, para acceder a un ciclo formativo de grao superior, existen dúas formas de acceso incompatibles:

- a. Por acceso directo, para aquel alumnado que cumpre os requisitos de titulación:
- o Estar en posesión do título de Bacharelato,
 - o Estar en posesión do título de técnico especialista, técnico superior ou equivalente para efectos académicos,
 - o Ter aprobado o 2º ciclo da reforma das ensinanzas medias,
 - o Ter superado o curso de orientación universitaria ou preuniversitario

- o Posoír unha titulación universitaria ou equivalente.
- b. Por proba desenvolvida no artigo 22 do Real Decreto 1538/2006, do 15 de decembro, e na orde do 2 de decembro de 2008, na que se acreditará que o aspirante posúe coñecementos e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

Para poder presentarse á proba de acceso será preciso:

- o Ter cumpridos 19 anos ou cumplilos no ano da proba.
- o Cumprir ou ter cumpridos 18 anos no ano natural de realización da proba e estar en posesión dun título de técnico que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción a que opta, consonte ao que se establece no anexo V da citada Orde.

Para o acceso mediante proba a lexislación recolle unha reserva de prazas obrigatoria do 20% do total. Nos ciclos formativos de grao superior reservarase o 10% das prazas que se oferten en cada ciclo para o alumnado con algún grao acreditado de discapacidade física, motora ou sensorial, e do mesmo modo se acumulan as prazas de non cubrirse as reservadas.

OFERTA DE PRAZAS: 21.

ESTUDIO DO ALUMNADO.

Durante o curso 2011-2012 matriculáronse no ciclo de grao superior da familia F-4 de Administración e Finanzas un total de 41 alumnos, repartidos así:

- 1º curso: 1 GRUPO . 19 alumnos (15 novos e 4 repetidores).
- 2º curso: 1 GRUPO . 14 alumnos.

Respecto da súa procedencia, aqueles alumnos matriculados por primeira vez no curso 2011-12, polo tanto de 1º curso do ciclo superior,

- 9 alumnas (5 homes e 4mulleres) proceden da proba de acceso,
- 4 alumnos(1 home e 3 mulleres), proceden de Bacharelato,
- 1 alumnos (1 muller), proceden da Universidade
- 1 alumnos (1 muller), proceden por convalidación de estudos extranxeros

6.5 PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI).

A Orde do 13 de xullo de 2011 (DOG do 21 de xullo) regula os Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten por obxectivos que o alumnado:

- Consiga competencias profesionais propias dunha cualificación profesional de nivel I do Catálogo Nacional de cualificacións profesionais, creado por medio da Lei Orgánica 5/2002 do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Teña a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria
- Amplíe as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas por medio da superación da proba de acceso a ciclos de grao medio.
- Acceda directamente aos ciclos de grao medio cando supere os módulos obrigatorios do programa.
- Obteña o título de graduado en Educación Secundaria cando supere todos os módulos do programa.

Neste Centro temos a Modalidade C - mixta, na que poderán participar as corporacións locais, as asociacións profesionais, as asociacións non gobernamentais e outras entidades empresariais e sindicais, baixo a coordinación e logo de autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Nela os módulos formativos de carácter xeral se imparten en centros educativos e os módulos específicos fóra deles.

Os perfiles ofertados nesta modalidade (C – mixta) son:

- Asistencia en actividades e en instalacións deportivas
- Carpintaría
- Cociña
- Fontanaria, Calefacción e climatización domésticas.
- Estética
- Mantemento de vehículos
- Peiteado
- Servizos administrativos.

O alumnado acode ao centro dous días por semana (luns e martes), no horario habitual ,a recibir unha formación básica de:

- Módulo da competencia comunicativa e dixital (4 sesións semanais).
- Módulo de sociedade e cidadanía (3 sesións semanais)
- Módulo científico – matemático (4 sesións semanais)
- Módulo de iniciativa persoal e relación laborais (2 sesións semanais)
- Tutoría (1 sesión semanal)

O resto dos días da semana os alumnos realizan nunha empresa da rama que eles elixiron actividades conducentes a unha capacitación que lles permita a inserción no mundo laboral que pretenden e á que, por idade, en moitos casos aínda non poden acceder.

Destinatarios son aquelas persoas que teñan entre 15 e 21 anos cumpridos dentro do ano natural de inicio do programa, para o cal se considere que é a mellor opción para alcanzar os obxectivos da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, e que non cursase con anterioridade outro programa de cualificación profesional inicial.

ESTUDIO DO ALUMNADO: Os 15 alumnos (11 homes e 4 mulleres) matriculados no PCPI durante curso 2011-2012 proveñen de ESO (estaban matriculados en cursos de ESO durante o ano académico anterior).

- Asistencia en actividades e en instalacións deportivas (1 home e 1 muller)
- Carpintaría (2 homes)
- Cociña (1 home)
- Estética (1 muller)
- Fontanaria, Calefacción e climatización domésticas (2 homes)
- Mantemento de vehículos (2 homes)
- Peiteado (1 muller)
- Servizos administrativos (3 homes e 1 muller)

7 NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, establece :

Artigo 1.º "O galego é a lingua propia de Galicia.

Tódolos galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito a usalo”

Artigo 4.-1.-“O galego , como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das Institucións da Comunidade Autónoma da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma”.

(2.- “Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado”).

Artigo 12.-1.- “O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos”.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, di:

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Artigo 7º.-*Educación secundaria obrigatoria.*

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.
3. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.
4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Artigo 8º.-*Bacharelato.*

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Artigo 9º.-*Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.*

1. Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.
2. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.

EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA.

Artigo 18º.-*Exención da cualificación das probas de lingua galega.*

1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.
2. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.
3. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.
4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, tutores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.
5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.
6. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

Artigo 19º.-*Solicitudes de exención.*

1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.
2. As solicitudes de exencións dirixiranse aos directores/as dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No caso dos centros privados e privados concertados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos a que estean adscritos.
3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

BREVE ANÁLISE DO USO DO GALEGO.

A) NO ENTORNO:

Na súa grande maioría trátase de alumnado procedente da urbanización na que está situado o I.E.S. e outros similares, con habitantes procedentes do entorno periurbano de A Coruña e poboacións limítrofes, atraídos por vivendas algo máis asequibles que na cidade da Coruña. Os pais/nais dos alumnos, segundo manifestan en enquisas non sistemáticas levadas a cabo polo profesorado de lingua galega, ao longo de varios anos, constitúen 1ª xeración con estudos medios, castellanizada, pero os avós ou outros familiares próximos son falantes galegos non exclusivos. Os seus propios pais, na maioría dos casos, presentan dominio oral da lingua galega, e moitos coñecementos de galego estándar, froito da súa propia escolarización, cando a idade así o permitiu.

Algúns deles, procedentes do ámbito máis rural do concello de Cambre, ou outros, con pais/nais presentan dominio das dúas linguas; habitualmente a lingua preferida cos fillos é o castelán, pero con hábitos lingüísticos mixtos.

Respecto da estimación porcentual do uso do galego por parte das familias do noso alumnado, fiándonos da súa procedencia e das súas propias declaracións habería que establecela arredor dun 25%. Igualmente, a porcentaxe que estimamos para o uso lingüístico habitual do alumnado rondaría esa cifra, algo inferior, quizais.

Respecto das actitudes lingüísticas, faltando un estudio sistemático do conxunto do alumnado, supoñemos as mesmas que o resto da poboación galega da súa idade e ámbito socio-económico, amosando en liñas xerais un índice de desgaleguización propio do ámbito periurbano, de nivel socio-económico medio-baixo, de nivel cultural igualmente medio-baixo, co engadido dun número cada vez máis elevado de alumnado e familias que proveñen de hispanoamérica, con diversos niveis académicos e sociais, pero predominando aqueles cunha exigua escolarización en castelán, para os que o galego é un atranco máis, dos moitos, cara á súa integración social no centro e no seu entorno.

B) NO CENTRO.

Existen dous aspectos a considerar, respecto da normalización lingüística no I.E.S. “Afonso X O Sabio”:

1.- Ámbito administrativo.

Toda a documentación do centro que non é requirida de calquera outro centro ou organismo de fóra de Galicia, así como as comunicacións internas, é redactada en galego. A menos que expresamente se solicite que sexa en castelán.

Todas as convocatorias de reunións, todas as solicitudes de calquera tipo que diriximos a organismos, entidades e/ou particulares, é redactada en galego.

Todas as notificacións que se dan ao persoal docente e non docente, ao alumnado do centro, os seus pais e nais ou titores legais están escritas en galego.

Os expedientes dos alumnos, os libros de escolaridade, e o resto da documentación do alumnado que se custodia no centro están escritos en galego. As certificacións expídense en galego, salvo petición en contra.

Toda a rotulación do centro está en galego.

Polo tanto, a aparencia do centro e o seu funcionamento administrativo indican un grao completo de normalización lingüística, a nivel xeral.

2.- Ámbito educativo.

O Proxecto lingüístico do Centro adaptado ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, foi aprobado polo Clauro o 29 de xuño de 2010 e polo Consello Escolar o 30 de xuño de 2010.

Respecto do profesorado, dada a procedencia do mesmo, a súa idade, a enorme cantidade de cursos e recursos postos á súa disposición e o enorme interese do conxunto por formarse de maneira continuada, consideramos que case a totalidade está capacitado para impartir as súas clases en galego.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O I.E.S. “Afonso X O Sabio” conta, dende o 1º ano do seu funcionamento, conforme á lexislación vixente, cun Equipo de Normalización Lingüística.

Segundo o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/96, de 26 de xullo), no seu Capítulo VII: Equipo de Normalización Lingüística, establece:

a) Constitución (Art. 82º)

- Tres profesores, por proposta da Comisión Pedagóxica
- Tres alumnos, por proposta da Xunta de Delegados
- Un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos
- Os membros serán nomeados polo Director/a.

b) Funcións do ENL (art.83ª)

- Presentar propostas ao equipo directivo para incluír no PEC obxectivos lingüísticos
- Propoñer á CCP o Plano Xeral para o uso do idioma e o Plano Específico para a potenciación da lingua galega
- Elaborar o Plano Anual do ENL
- Presentar o orzamento para a súa aprobación

c) Coordinación (Art.84)

- Un profesor/a, preferiblemente definitivo

d) Duración (Art. 85, 86)

- Catro anos
- En caso de cese, o director/a nomeará a outro/a polo que resta de mandato

e) Competencias do coordinador

- Colaborar na elaboración dos CCP de etapa
- Responsabilizarse da redacción dos Planos de Normalización
- Convocar e presidir as reunións do ENL
- Responsabilizarse da redacción das actas e da memoria final
- Proporcionar información sobre actividades do ENL e outras relacionadas coa normalización

8 SECCIÓNS BILINGÜES

Desde a implantación da escola moderna en Europa, os responsables políticos intentaron adaptar os sistemas educativos ás novas necesidades e á evolución dos coñecementos.

Estamos inmersos nunha intensa revolución científica e tecnolóxica que se mostra en distintos ámbitos e disciplinas: desde a biotecnoloxía e xenética ata os novos descubrimentos no sector das tecnoloxías da información e a comunicación.

Enfrontámonos, pois, ante un novo paradigma tecnolóxico que altera o modelo de sociedade, o seu sistema de valores, as súas crenzas, a súa cultura, etc. O fenómeno que decantou o proceso de cambio e que deu lugar á chamada revolución dixital é, sen ningunha dúbida, a implantación de internet. Así, ao transformar os medios que utilizamos para comunicarnos, tamén xurdiu outro modelo de relación social, así como un novo complexo tecnolóxico e socioeconómico que é o que chamamos sociedade da información e do coñecemento, como recolle Manuel Castell na súa obra Galaxia Internet.

Os cambios producidos e predicibles para un futuro inmediato empúxannos a pensar que estamos ante un cambio de sociedade. As novas tecnoloxías están xerando unha imparable globalización da economía financeira, do comercio, da información, da cultura e dos hábitos de vida.

En moi poucos anos produciuse un cambio esencial na forma de comunicarnos que uniu a todos os lugares da terra e que os achegou acurtando as distancias e permitindo un gran intercambio de información.

Neste contexto mundial expónse a Segunda Modernización. Este modernización consiste, por unha banda, en difundir e conseguir que as mulleres e homes da nosa terra coñezan os cambios que se están producindo no mundo e a necesidade de actuar para poder paliar os inconvenientes ou dificultades que nos pode producir, así como para extraer as vantaxes consecuentes.

Por outra banda, é necesario xerar unha forte concienciación cidadá para asumir, actuando en consecuencia, que un novo proceso pode cambiar as nosas vidas; que dito proceso está penetrando cunha enorme rapidez; que está modificando a nosa forma de aprender, de investigar, de innovar, de traballar, de comerciar, de emprender, de ser, de estar e vivir. Como xa dixemos, a sociedade da información álzase como un novo paradigma: unha nova revolución que está alterando as bases da nosa civilización. Por isto debemos estar preparados para afrontala como pobo tanto no persoal como no colectivo.

Esta nova sociedade expónse novos retos e estratexias para ser factible o salto responsable á nova sociedade:

- Unha formación de calidade que asegure unha formación integral e achegue sólidos valores éticos e democráticos ademais de estar adaptada ao novo modelo de sociedade, na que as tecnoloxías da información e a comunicación, xunto co bilingüismo, son esenciais en todos os procesos e en todas as etapas
- Unha investigación científica e tecnolóxica vinculada ás necesidades produtivas actuais e de futuro .
- Capacidades para xerar cultura innovadora
- Un tecido produtivo máis denso, diversificado e competitivo

Neste contexto, para conseguir os obxectivos propostos, expónse actuacións instrumentais tan indispensables como os que seguen a continuación:

- Facer de internet un servizo público
- Unha Galicia bilingüe que dea soporte a unha sociedade máis aberta, participativa, comunicativa e preparada
- Unha Administración pública eficaz
- Un territorio que sexa flexible na súa organización e no goberno de que se dote.

Como consecuencia destes cambios tecnolóxicos, sociais e económicos, as expectativas de innovación no contexto educativo multiplicáronse moi rapidamente nas últimas décadas, influíndo na organización dos sistemas educativos. Neste sentido a integración plena no contexto europeo esixe que o alumnado, de xeito irrenunciable adquira, entre outras, a destreza de comunicarse noutras linguas.

A finalidade xeral da Educación Bilingüe pasa a ser o fomento do plurilingüismo e da diversidade lingüística, utilizando para iso o método natural de baño de lingua, baseado na comunicación, a interacción e na priorización do código oral.

Neste contexto, cremos que a vontade da Xunta de Galicia é mellorar as competencias lingüísticas da poboación galega, dotándoa de competencias plurilingües e pluriculturais.

Neste marco sitúase o Plan de Fomento do Plurilingüismo, que responde á necesidade de encarar un ambicioso proxecto educativo que permita aos cidadáns e cidadás galegos alcanzar un amplo coñecemento doutras linguas no marco dun mundo global, como instrumento fundamental para asegurar as posibilidades de éxito e de compartir un futuro mellor.

O Plan integral do Plurilingüismo está recollido no Marco Común Europeo. O eixo sobre o que se basea o Plan de Plurilingüismo pretende mellorar as competencias lingüísticas da poboación na lingua materna. Desde esta perspectiva a escola propiciará a inserción, a participación, a cultura e os valores dentro da sociedade.

OBXECTIVOS

Os obxectivos do proxecto bilingüe presentado polo noso centro agrúpanse ao redor de obxectivos de carácter lingüístico, sociocultural e cognitivo, todos eles dirixidos á consecución da gran finalidade educativa, é dicir, promover o desenvolvemento integral do individuo e así posibilitar a construción dunha sociedade xusta e solidaria.

1. OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS

Os Obxectivos desde o punto de vista lingüístico céntranse no logro dunha mellora das competencias lingüísticas tanto na primeira lingua como na segunda e, posteriormente, nunha terceira.

Así, preténdese que o alumnado incremente a súa comprensión e produción lingüísticas e a súa valoración crítica.

1.1. Destrezas de comunicación

O profesorado procurará que os seus alumnos e alumnas adquiren a capacidade para comunicarse no segundo idioma, de maneira que este utilícese para aprender outros contidos e para adquirir coñecementos das materias máis variadas. Iso implica recoñecer e formular mensaxes comprensibles pondo en funcionamento elementos fonéticos, semánticos e morfosintácticos.

Dada a presenza da chamada L2 no proceso ensino / aprendizaxe, faise necesario o dominio de capacidades metalingüísticas dirixidas a:

- a) O código oral propio de toda interrelación humana e, en concreto, das establecidas no ámbito da aprendizaxe. Faise imprescindible o dominio do chamado classroom language a fin de permitir a comunicación entre profesorado e alumnado (e entre o mesmo alumnado) usando unha lingua que non é a nativa.

- b) A expresión oral e escrita de sentimentos, sensacións e necesidades tanto persoais como colectivas (do mesmo xeito que a interpretación correcta de devandita expresión) dentro e fóra do marco propiamente educativo, facendo uso do vocabulario, da entoación e das construcións sintácticas inherentes a cada necesidade.
- c) O léxico da área non lingüística presente en documentos auténticos, ordenándoo e interrelacionándoo adecuadamente en distintos campos semánticos.
- d) A expresión escrita. Dentro da comprensión e produción de documentos, coñecer as técnicas de expresión fundamentais na posta en común de coñecementos como son:
 - a descrición e do relato, asimilando os seus termos (en especial, os elementos de enlace) e tempos verbais característicos.
 - a produción de resumos, apuntes, informes, esquemas e gráficos empregando formas léxicas de clasificación alleas ao castelán.

1.2. Coñecemento do idioma propio

É obxectivo fundamental que o alumnado aproveite a vantaxe que lle ofrece o uso de dous códigos distintos para reflexionar sobre a súa propia lingua grazas á intervención do profesorado doutras áreas partícipes na sección bilingüe e empezando polos rexistros lingüísticos expostos máis arriba.

Esta continua reflexión posibilita o aumento das competencias na lingua materna e desenvolven outras capacidades metalingüísticas que lle habilitarán para:

- a) ser mellor lector e tradutor. O alumno ou a alumna debe verse capacitado para, por exemplo, detectar deficiencias nas traducións, que empobrecen a súa lingua materna.
- b) ser máis creativo ao distanciarse das formas lingüísticas que emprega ou interpreta rutinariamente e incrementando así a súa produción lingüística.

Finalmente, o aumento das competencias lingüísticas debe supor a superación da realidade que reflicte o devandito que define ao español como a persoa que se pasa a vida estudando inglés e que nunca o fala.

2. OBXECTIVOS SOCIOCULTURAI

Ao verse exposto, desde unha idade temperá, a unha variedade de documentos expresados en máis dun idioma, coa carga social e cultural diferenciadora que cada un comporta, o individuo entrará en contacto con outras realidades.

Estas realidades ou contornas supón espertar o interese por outras crenzas, costumes, institucións e técnicas, envolvidas en estratexias de valores distintas ás máis próximas. Este interese do estudante verase reflectido nunha serie de actitudes.

2.1. Comparación crítica con outras realidades

Ao achegar á mocidade a unha realidade diferente da propia, o alumno ou a alumna comparará todas as súas manifestacións socioculturais coas que se viven na súa contorna inmediata, de modo que, ante estas últimas, espéteselle unha conciencia crítica que lle faga ver os seus aspectos tanto positivos como negativos desde outras perspectivas.

2.2. Concepción dunha sociedade europea plural

Se a finalidade xeral é a concepción da realidade que integre o coñecemento dela como algo plural, esíxese valoración moral da mesma, na que deben primar os valores propios dunha sociedade democrática, moderna e tolerante.

No ámbito social en que se desenvolve a nosa comunidade escolar, esta concepción integral necesita dunha integración e unha comprensión das diversas culturas que conviven en Europa.

- a) Igualmente, este obxectivo de ámbito europeo inclúe a valoración doutras sociedades e culturas que inflúen directa ou indirectamente nas sociedades europeas por medio de relacións humanas e socioeconómicas. Estas necesitan dunha especial superación de estereotipos para facilitar o entendemento entre os individuos e conseguir que os chamados inmigrantes deixen de ser considerados como talles.

Ante todos eles, o alumnado debe desenvolver actitudes de comprensión e bo trato ata o punto de considerar a lingua inglesa non só como unha canle de diálogo necesariamente compartido, senón tamén como punto de inflexión para exporse o esencial de respectar e impulsar outras manifestacións lingüísticas e culturais.

- b) Considerando que a lingua inglesa constitúe o principal vehículo de comunicación con outro tipo de residentes na nosa comunidade por razóns monetarias e climatolóxicas (expats) e que procedentes de territorios economicamente desenvolvidos, o inglés debe converterse non nunha canle comunicativo máis senón na vía para chegar a

comprender as condutas que presentan estes individuos, sexa a súa orixe as Illas Británicas, Escandinavia ou os países do antigo Benelux.

Unha adecuada expresión lingüística de sentimentos, sensacións e necesidades contribuirá á comprensión do sentir dos outros, procedan de onde procedan, desterrando así tentacións irracionais como o racismo ou a xenofobia.

2.3. Conflitos internacionais

Grazas ao interese que sente o alumnado das seccións bilingües por outras realidades socioculturais, poderá albiscar problemas de dimensión internacional e intentar atoparlles solucións globais marcadas pola cooperación e a procura da paz.

2.4 Concepción dunha sociedade igualitaria

Igualmente, o abandono de prexuízos vese reflectido nunha actitude comparativa entre dous idiomas, observando diferenzas de actitude en canto ás funcións sociais do home e da muller.

A partir de coñecementos que parecen meramente lingüísticos, o alumnado ha de reflexionar sobre as funcións desempeñadas tradicionalmente por homes e mulleres e axudarse das linguas (e os termos que elas proporcionan) para reflectir unha sociedade abocada a evolucionar neste aspecto.

2.5. Intercambios con outros países

Servíndose das diversas actuacións plasmadas nas estratexias metodolóxicas e formativas que se pretenden levar a cabo, expónse como obxectivo establecer relacións de amizade e intercambio con persoas doutros países utilizando, sobre todo, a lingua inglesa como expresión dun diálogo entre culturas.

2.6. Perspectivas laborais

O incremento das destrezas lingüísticas e o coñecemento dunha realidade cada máis global e integradora interveñen conxuntamente a fin de garantir ao alumnado unha maior gama de posibilidades á hora de integrarse nun mercado profesional que esixe o dominio doutros idiomas, predominantemente o inglés pero sen desdeñar a importancia, neste punto, da lingua francesa.

3. OBXECTIVOS COGNITIVOS

3.1. Incremento no nivel de aprendizaxe

A aprendizaxe de certas materias facendo uso de máis dun idioma acrecentará as capacidades xerais do alumnado. Cando este se enfrente a varios códigos lingüísticos, desenvolverá unha ampla capacidade cognitiva que favorecerá a análise e a observación das operacións utilizadas nos propios procesos de aprendizaxe.

Construír a competencia lingüística afástase da idea de recorrer á mera tradución ao impartir os contidos na lingua non materna, se non que, no caso de haberse exposto uns contidos na L1, haberá que realizar un resumo, unha batería de exercicios, unha toma de apuntes, etc. na outra lingua.

Un proceso de ensino / aprendizaxe no que a comparación lingüística e extralingüística desempeña unha función primordial trae consigo un aumento nas capacidades de indución, abstracción e memorización por parte do alumno ou alumna.

3.2. Construtivismo e interdisciplinarietà

Por medio da comparación entre as expresións nun e outro idioma, preséntase o coñecemento como algo que non se transmite senón que verdadeiramente constrúese na mente do aprendiz sen que choque coa realidade, superando a súa funcionalidade máis aló da situación, supostamente escolar, en que se aprenderon eses coñecementos.

Para iso, os materiais utilizados non deben limitarse a un ámbito simplificado nun contexto escolar; pola contra, debe tratarse de materiais auténticos que posibiliten ao alumno e á alumna descifrar a complexidade existente fose do instituto. Os mesmos membros do alumnado deben proporcionar os materiais que se poderán utilizar na realidade recorrendo a outros existentes.

Dado que se pretende levar a cabo un currículo integrado, o alumnado será consciente da importancia dunha aprendizaxe interdisciplinar no que adquire unha especial relevancia a interpretación dos feitos por parte de diversos idiomas. A aprendizaxe interdisciplinar permite traballar desde a óptica da integración curricular das Tecnoloxías de Información e Comunicación.

3.3. Aprender a aprender

O alumno irá coñecendo ou, se se quere, construíndo, o seu mundo social e cultural sen que deba obediencia a ningún modelo en forma de libro ou manual, senón que sexa comparación entre as linguas e as realidades que representa cada unha, aprender en por si a base de instrumentalizar un idioma que debe ir facendo seu.

3.4. Cultura de colaboración

Fronte a un idioma non nativo, os alumnos e alumnas deben axuntar os seus esforzos e converter ao peer learning como un parámetro nivelador dos seus procesos de aprendizaxe en relación directa co traballo en grupo ou por parellas.

A relación entre o alumnado e o profesorado, especialmente o de materias non lingüísticas, verase intensificada co uso dunha lingua non materna; ambos poden desenvolver estratexias de comunicación nas que o alumnado vexa ao seu profesor ou profesora como unha persoa que manifesta, primeiro, o seu desexo de aprender e, despois, de difundir as súas estratexias cognitivas.

Unha cultura de colaboración maniféstase igualmente nun traballo internivelar que posibilita un frutífero contacto entre o profesorado de Ensino Primario, Ensino Secundario e Bacharelato.

A cooperación entre os distintos compoñentes do proceso educativo debe ser reflexo dunha concepción verdadeiramente humanística do mesmo, en que se preste atención primordial aos sentimentos e ás necesidades humanas como fundamento unha sociedade plural e tolerante.

Neste Centro, a Consellería de Educación autorizou no curso 2009-10 seccións bilingües nas materias e linguas seguintes:

- 1º ESO: Matemáticas en inglés.
- 2º ESO: Música en inglés
- 3º ESO: Debuxo en francés
- 4º ESO: Matemáticas en inglés.

9 SERVICIOS COMPLEMENTARIOS. O TRANSPORTE ESCOLAR.

Os servizos educativos complementarios, transporte e comedores escolares, forman parte da oferta educativa de cada centro docente e configúranse como mecanismos compensadores das desigualdades na educación.

O I.E.S. "Afonso X O Sabio" de Cambre non dispón de servizo de comedor escolar, aínda que o edificio constaba de locais apropiados (o actual salón de actos), dado que a carga horaria do alumnado de 1º ciclo de ESO permitía que as clases só se desenvolveran en sesión intensiva de mañá ata o curso 1999-2000, e a dispersión xeográfica da poboación da nosa comunidade, neste caso, non require da implantación de tal servizo. Tampouco se oferta o servizo complementario de residencia escolar.

Dereito a transporte escolar. Teñen dereito a servizo de transporte escolar gratuíto aqueles/as alumnos/as dos niveis obrigatorios, que teñan os seus domicilios fóra do núcleo urbano no que estea situado o Centro escolar e en calquera caso a unha distancia do mesmo superior a 2 km.

Excepcionalmente, por causas de especial incomodidade ou dificultade, A Consellería de Educación pode autorizar a prestación do transporte aínda que non se cumpran os requisitos anteriores.

Os alumnos que solicitan e obteñen praza nun Centro distinto ao que lles corresponde non teñen dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto. (Orde do 5 de abril de 1995, D.O.G. 10-5-95).

Non obstante, aqueles alumnos que, non tendo praza nos centros que lles correspondrían por localidade, sexan enviados pola Xunta de Escolarización de cada zona, dependente da Inspección Educativa, si terán dereito, alomenos, a unha axuda individualizada para o seu transporte escolar. (no tramo obrigatorio de ensino).

Durante o curso 2010-2011 dispoñen de transporte escolar ordinario 334 alumnos de ESO deste I.E.S.

As Delegacións Provinciais da Consellería de Educación, en función dos datos enviados polo Centro, dentro do mes de xuño de cada curso (período de matrícula ordinario), a través do Servizo de Transporte, elabora un deseño dos itinerarios que permita a realización da viaxe dos alumnos no tempo máis breve posible. Desde ese Servizo se considera transporte eficaz aquel que combine itinerarios percorridos con rapidez polos autobuses e o camiño a pé de certas distancias polos escolares, cando a realización de pequenas desviacións sobre a ruta xeral supoña perdas de tempo e alongamentos de traxecto que teñen que padecer todos os que viaxan no autobús. De acordo co establecido na Circular 7/96 da Secretaría

Xeral, non serán autorizadas modificacións que supoñan un camiño a pé inferior aos 2.000 metros para o alumnado afectado.

O transportista non ten capacidade para crear, modificar ou suprimir paradas ou itinerarios.

De maneira que calquera solicitude de modificación do transporte: creación de novas rutas, ampliacións ou modificacións das existentes; creación, modificación ou supresión de paradas, etc. será solicitada pola Dirección do Centro a instancia propia ou de calquera membro ou órgano da Comunidade Escolar á Sección de Transporte Escolar dentro do mes de xuño de cada curso, a fin de que poida entrar en vigor no setembro seguinte.

Os vehículos, chegarán ao Centro cunha antelación máxima de dez minutos sobre a hora de comezo da xornada escolar.

Esporadicamente a Dirección, atendendo ás indicacións da Delegación, fai un control das matriculas dos vehículos que realizan os servizos. Por outro lado, tamén dos horarios de chegada dos vehículos ao Centro e está en contacto cos responsables e conductores do servizo para un control das actuacións sobre faltas de conduta dos alumnos no vehículo escolar, onde sigue vixente o RRI do Centro.

Diante de calquera problema de incumprimento por parte do servizo, os pais deben poñerse en contacto coa Dirección do Centro, a fin de averiguar as causas dos sucesos e, en caso necesario, dar traslado inmediato á Delegación Provincial, Servizo de Promoción Estudiantil, das irregularidades detectadas e das reclamacións presentadas polos usuarios ou polos seus pais ou tutores.

Hai oito rutas de transporte que teñen os seguintes itinerarios:

Ruta nº 1: Compañía ASICASA

GRAXAL (polideportivo) – INSTITUTO (Directo)

Ruta nº 2: Compañía ASICASA

GRAXAL – CASA PALMEIRAS - INSTITUTO

Ruta nº 3: Compañía ASICASA

COSTA DA TAPIA (Bar Bremen) – PARAGUAS – INSTITUTO

Ruta nº 4: Compañía ASICASA

PARAUGAS (Leornado) – MUIÑOS - INSTITUTO

Ruta nº 5: Compañía ASICASA

CRUCEIRO DE BRIBES – MEIXIGO – CASAL – PONTECELA – PATIÑA – CAMBRE
(Praza) URBILAR - INSTITUTO

Ruta nº 6: Compañía ASICASA

PRAZA DE CAMBRE - INSTITUTO

Ruta nº 7: Compañía Autos Vazquez

A PEGA – CAMBRE (DROZO) – CRUCEIRO PRAVIO – PONTE AUTOPISTA – CATRO
CAMIÑOS – VOLTEIRO – FRAIZ – MOTA – LENDOIRO – PRIGUIZA – AS REVOLTAS

Ruta nº 8: Compañía Autos Vazquez

CR VOLTA DAS CARROZAS – ESTORRENTADA – MONTES CASTELLANOS – HNOS. PAN – CARBALLÁS – ARMENTAL – GÁNDARA – VILARES – BAR BARBEITO – QUINTÁN – APEADEIRO DE CECEBRE

Debido ó incremento do alumnado da ESO, cambiouse o percorrido dalgunhas liñas de autobús para atende-la demanda da zona do Temple – O Graxal e de Cambre (praza). Estes cambios foron realizados co visto e prace da sección de transportes da Delegación Provincial da Consellería de Educación.

O transporte escolar, pois, deixa ao alumnado diante da verxa ás 8,20 horas, aproximadamente, da mañá.

As bedeis proceden á apertura da verxa que rodea o perímetro da finca a fin de procurar, cando a climatoloxía o require algo de abrigo ao alumnado baixo a entrada ao Centro.

Os martes, día de dobre turno de clases para o alumnado de ESO e Bacharelatos, o transporte volve ás 16,20 horas e recolle aos alumnos ás 18,10 horas.

Os alumnos teñen a obriga de presentar, para poder facer uso do transporte gratuíto, ao conductor un carné que a tal propósito se lles facilita, a comezo de cada curso escolar. Nese carné constan os seus datos e unha foto reciente que permita a súa identificación por parte do conductor ou calquera outra persoa da empresa e se indica o número de bus e a parada correspondentes. (Os alumnos, segundo a normativa máis recente, non poden ir de pé e teñen que ocupar cadansúa praza, polo que non poden elixir libremente en cal dos buses se desprazan da parada ao Centro ou viceversa).

O uso deste servizo complementario e gratuíto é un dereito dos alumnos de ensino obrigatorio, pero obrigaos ao respecto ao conductor, aos compañeiros e ao propio vehículo e a ter en todo momento: acceso, traxecto, baixadas...un comportamento adecuado. En caso contrario, de producirse algún comportamento contrario ás normas de convivencia, a Dirección do Centro terá que proceder de acordo ao regulamentado no RRI.

Dada a existencia neste Centro doutras ensinanzas postobrigatorias que non teñen dereito a transporte gratuíto, a A.N.P.A. "Castelao" deste I.E.S xestiona o transporte dos alumnos de Bacharelato, de maneira independente do propio Centro e a Administración educativa. (Transportes Bibey).

O alumnado de Ciclos, que paulatinamente se foi incorporando, acode ao Centro en vehículos particulares, en grande medida .

10 PARTICULARIDADES ORGANIZATIVAS

10.1 A BIBLIOTECA.

Atópase nun lateral da planta baixa do centro, fronte ás dependencias de Administración e Dirección. Ten forma rectangular: 15* 6 m., que resultan os 90 metros cadrados mínimos que marca o RD 1007/91, que recolle as características dos centros de nova construción.

Ademais está dotada dun ordenador, no que curso a curso os profesores con dedicación a Biblioteca completan a información dos fondos dispoñibles nela. Tamén hai tres ordenadores para o uso do alumnado.

A Biblioteca do Centro permanece aberta durante case toda a xornada lectiva a cargo de profesores de garda e/ou do equipo da Biblioteca.

Non se permitirá ao alumnado que permaneza na Biblioteca consumir comidas ou bebidas, aínda que sexa o seu tempo de lecer, nen outros comportamentos que perturben o traballo e o estudio doutros alumnos.

1ª Concepto e modelo de Biblioteca.

A biblioteca escolar, concibida como espazo educativo ao servizo dos procesos de ensino e de aprendizaxe, é un centro de recursos da información que pon á disposición da comunidade educativa os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual, multimedia ou electrónico.

Na biblioteca centralízase todo o material informativo que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, xornais, discos, vídeos, discos DVD, disco CDRom, mapas, fotografías, diapositivas, materiais de produción propia,..). A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde, entre os diversos sectores da comunidade escolar, os fondos existentes, para un uso eficaz destes. Presta diversos servizos (lectura en sala, préstamo, información, formación de usuarios, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso á internet...).

2ª Persoa responsable da Biblioteca.

O responsable da biblioteca escolar debe ser designado pola dirección, garantindo no posible a estabilidade e o bo funcionamento deste servizo. Para iso, terase en conta o interese, a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito, así como a dispoñibilidade horaria do profesorado.

3ª Funcións da persoa responsable da Biblioteca.

As súas responsabilidades veñen determinadas polo apartado 69 da *Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG 02-09-97)* e no artigo 10 da *Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG 24-VII-07)*

4ª Equipo da Biblioteca

Estará formado por docentes voluntarios e com disposición para formarse no eido das bibliotecas escolares e comprometidos co desenvolvemento da programación da biblioteca, dos diferentes departamentos existentes no centro, que traballarán en coordinación co responsable da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas.

A xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de docentes, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os seus horarios, nos que quedará recollida a súa participación neste servizo.

As funcións dos integrantes do equipo de biblioteca son:

- Apoiar o responsable da biblioteca na súa organización e dinamización.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar co deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e do alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar co desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

5ª Horario de apertura da Biblioteca

O horario de funcionamento da biblioteca deberá ser o máis amplo posible, segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado; en calquera caso procurárase que estea aberta a totalidade do tempo lectivo.

Os equipos directivos dos centros, atendendo á normativa vixente, considerarán o funcionamento da biblioteca escolar como unha das necesidades organizativas do centro e, en consecuencia, terán en conta esta circunstancia á hora da distribución horaria de comezo de curso.

6º Normas de uso da Biblioteca

A biblioteca é para uso de calquera membro da comunidade escolar, axustándose ás normas que determinen e que serán expostas publicamente.

7º Recursos económicos

A biblioteca disporá de recursos propios que posibiliten a renovación da colección documental e dos fondos de ficción así como o mantemento do seu equipamento.

10.2 AS GARDAS. FUNCIONAMENTO.

Segundo a establece a Orde de 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento:

106.” En tódolos institutos de secundaria haberá sempre, durante a xornada escolar, un ou máis profesores de garda...” coas seguintes funcións (abreviadas):

- a. Atender a tódolos alumnos que queden libres por ausencia do respectivo profesor...
- b. Velar pola orde e bo funcionamento do instituto, especialmente nos corredores, á entrada e saída das clases.
- c. Rexistrar no libro de gardas as ausencias e faltas de puntualidade dos profesores e calquera outra incidencia que se teña producido.
- d. Resolver no acto cantas incidencias de alumnos se produzan durante a xornada lectiva...
- e. Cantas outras se recollan no RRI...ou lle encomende a Dirección do Instituto.

107. Tamén...a tutela dos alumnos de educación secundaria obrigatoria durante os períodos de lecer...

Polo tanto, a función dos profesores de garda para o funcionamento de todos os institutos está suficientemente significada.

Neste Centro os profesores farán a súa rolda recollendo aos alumnos sen profesor, reuníndose no vestíbulo e realizarán as gardas na sala de xogos, biblioteca (só para o alumnado que queira traballar) e a aula de convivencia. En casos excepcionais o Equipo Directivo poderá permitir que nalgunha hora de garda os alumnos saian ao patio, sempre vixiados polo profesorado correspondente. Tamén se podería empregar o Salón de Actos para a proxección dalgún DVD, ou, puntualmente, como lugar de estudo se a Biblioteca estivera ocupada.

Os postos para a rolda e para a realización das gardas atoparanse no taboleiro da sala de profesores e terán unha rotación trimestral.

Asimesmo, de non telo feito, asinarase o libro de gardas, consignando o compañeiro/a ausente e o grupo correspondente. Ou o retraso, se fora o caso.

As gardas de recreo. Só existen nos dous recreos para alumnos de ESO.

Os profesores de garda de recreo deberán procurar, nun primeiro momento, que todo o alumnado abandoe os corredores e baños dos pisos superiores, co menor ruído posible (para evitar as molestias aos alumnos de Ciclos). Comprobarán, asimesmo, que ningún compañeiro/a esqueceu pechar a aula, para tratar de minimizar as sustraccións. É necesaria a máxima puntualidade.

Posteriormente, dirixiranse a facer a garda no sector que teñan encomendado.

Durante o tempo de lecer, os alumnos de ESO poden permanecer no hall de entrada ou no patio exterior. Non poderán abandonar o Centro neste tempo de lecer, salvo que presenten unha xustificación dos pais a tal efecto (por causa xustificada: asistencia ao médico...).

No hall de entrada non se permitirán xogos con balón ou aqueles que impliquen carreiras, xogos violentos...(intentarase, polo menos). Asimesmo, encareceraselles que non tiren papeis, etc.

Os alumnos tamén poderán permanecer na Cafetería durante eses recreos, pero deben abandoala en canto soe o timbre que anuncia a fin del.

Finalmente, unha vez soe o timbre de reincorporación ás clases, os profesores, especialmente os de garda de recreo e os da seguinte, procurarán que o alumnado suba o máis fluidamente posible, para incorporarse sen retardo á clase que lles corresponda.

As gardas de recreo asinaranse no mesmo libro de gardas.

Se algun profesor tivera que atender alumnos durante o recreo na aula, será o encargado de subilos e baixalos.

O profesorado que realice a garda no exterior deberá extreamar a vixilancia e procurará pasear polas distintas zonas do exterior, para controlar conductas non desexadas. Na sala de xogos deberase cubrir o libro de gardas e procurar que quede recollida antes de soar a sirena. O alumnado non poderá acceder antes de que entre o profesor correspondente e nunca deberá quedar a sala sen profesor. A porta do vestíbulo deberá ser aberta e pechada polo profesorado encargado. O profesorado que teña que facer garda na Biblioteca procurará que se manteña o silencio necesario para un correcto ambiente

de traballo, e evitará no posible que o alumnado estea entrando e saíndo. Haberá unha ou dúas sesión de formación para coñecer o sistema de préstamo de libros.

Os alumnos de Bacharelato e Ciclos, segundo acordos vixentes de Claustro e Consello Escolar, poderán abandonar o Centro no seu período de lecer e tamén as últimas horas de mañá e tarde, de estar ausente o profesor correspondente. Os de Ciclos, ademais, en caso de ausencia a primeira-s hora-s poderán incorporarse despois. Non haberá gardas con profesor para os alumnos de Ciclo Superior.

Os alumnos do Programa de Cualificación Profesional Inicial, que teñen clase luns e martes, disfrutarán do período de lecer cos alumnos de Bacharelato e Ciclos, nas mesmas condicións, pero con gardas vixiadas cando se ausente algún profesor, agás na última hora de mañá ou tarde.

Na aula de convivencia estará o alumnado enviado polo profesorado, sempre con traballo e previo paso pola Dirección. Asemade, no caso de faltar varios profesores, a aula de convivencia tamén se utilizará como aula de garda.

Na Biblioteca o alumnado deberá estar en silencio, mantendo o necesario ambiente de traballo. Non se poderá acceder con comida nin bebidas, e o profesorado de garda vixiará en todo momento que se utiliza como espazo adicado ao estudo, traballo individual ou grupal, lectura ou empréstito e devolución de libros. Os ordenadores só poderán ser utilizados para búsqueda documental ou realización de traballos, sempre con autorización do profesor encargado e previa solicitude.

A sala de xogos só poderán acceder o número de alumnos correspondentes as sillas existentes, o resto do alumnado deberá ser dirixido ben a Biblioteca ou ben á aula de convivencia. Na sala de xogos non se pode entrar con comida ou bebida. O alumnado non pode saír da aula sen permiso do profesorado. Este só poderá autorizar saír aos baños de un en un, e dicir, nunca a máis dun alumno de cada vez. As sillas e mesas deberán quedar ordeadas ao rematar a sesión. O profesorado deberá cubrir o libro da sala. Procurarase que se manteña un mínimo nivel de ruído, para non interferir no desenvolvemento das actividades da propia aula o una de audiovisuais. As normas sobre o uso de aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, musicais, ...) son as mesmas que rexen para todas as aulas en xeral.

A primeira hora da mañá e despois de cada recreo, o profesorado abrirá a porta da aula e deberá pechala no comezo de cada recreo e ao rematar a xornada lectiva. O profesorado procurará estar nos corredores uns minutos antes de soar a sirena para controlar o acceso ás aulas.

O profesorado de garda pechará as portas das aulas que estean valeiras para impedir que desaparezan obxectos.

Na primeira hora da mañá, cada profesor será o encargado de subir o parte de asistencia da aula que lle corresponda según o seo horario. Ao finalizar as clases o profesorado correspondente baixará o parte ao casilleiro da sala de profesores.

En caso da ausencia dalgún profesor de garda son os seus compañeiros os encargados de suplir a súa ausencia.

Perante un incidente ou falta de disciplina no que se vexa implicado un profesor de garda, ben sexa nunha aula, ben sexa nun corredor ou calquera outra dependencia, o profesor cubrirá a correspondente ficha de xestión de incidencias e informará á Xefatura de Estudos ou Directivo de garda.

10.3 AS TITORÍAS. FUNCIONAMENTO

AS TITORÍAS. FUNCIONAMENTO.

Segundo o Plano de Acción Titorial elaborado no seo da CCP durante o curso 2001-2002 e aprobado en Claustro de maio de 2002, os obxectivos prioritarios que nos marcamos, en relación á acción titorial son, agrupados, os seguintes:

- a. Asegurar unha educación integral e persoal dos alumnos, segundo as súas actitudes, aptitudes, coñecementos e intereses, prevendo as súas dificultades de aprendizaxe e integración e colaborando na orientación cara ao futuro académico e profesional do alumnado.
- b. Favorecer o bo rendemento académico do alumnado e proporcionar os métodos e estratexias que así o faciliten, así como a integración e participación na vida do instituto.
- c. Impulsar e favorecer unha comunicación fluída coas familias para intercambiar informacións, proporcionar a orientación que pareza necesaria e se demande e promover a súa cooperación no seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e na integración no centro.

No mesmo Plano aparece recollido que a titoría lectiva semanal cos alumnos da se intercalará dentro do horario do grupo e na ESO formará parte do horario lectivo do profesor.

Tamén haberá, unha hora complementaria semanal para atención de país.

Asimesmo, a Xefatura de Estudos facilitará e convocará as reunións dos titotores entre si e co Departamento de Orientación, a petición de calquera deles e no momento oportuno, e sobre todo ao comezo e a final do curso e como mínimo en cada unha das avaliacións.

As actividades para o desenvolvemento das titorías organizaranse ao comezo de cada curso en función da memoria do curso anterior e das novas necesidades detectadas.

A comezo de cada curso, os titotores recibirán ao alumnado do curso que lles corresponda, na data que se sinala en cada calendario anual a tal efecto. Nesa primeira reunión de recibimento, comezará por dar aos alumnos da súa titoría:

- Horario correspondente ao grupo,
- Os nomes dos profesores que lles impartirán clase,
- As aulas nas que recibirán clase, se é o caso,
- Indicacións acerca do funcionamento do centro,
- Normas de convivencia básica, extractadas do RRI do centro vixente,
- As súas propias horas de atención ás familias
- Información acerca da próxima elección de representantes de aula e a súa importancia,
- Calquera outra información pertinente que lles sexa demandada polo alumnado.

Procurará nas primeiras sesións de titoría cos alumnos completar a través deles aquela información que lle poida servir para levar a cabo o seu labor, ben no aspecto administrativo ou funcional (enderezo-s, teléfono-s, horario-s, persoa-s que conviven...) como no académico (dificultades anteriores,...).(O Departamento de Orientación aportará aquela da súa competencia e a Administración do centro aquela que apareza nos expedientes).

Ademais da primeira actividade de carácter xeral de introducción ao novo curso, levará a cabo nas horas lectivas de titoría co grupo de alumnos/as aqueloutras previamente preparadas para desenvolver nas titorías ou as que a propia dinámica do grupo lle vaia demandando en relación a:

- Coñecemento do alumnado,
- Fomentar a cohesión do grupo,
- Fomentar a integración no centro e nas súas actividades,
- Reforzo da educación en valores: respecto, tolerancia, ...

CONTROL DAS FALTAS DE ASISTENCIA. Encoméndase ao titor/a o control rigoroso das faltas de asistencia do alumnado, recabar información dos motivos das mesmas transmitila ao resto do profesorado. A estes efectos, cada titor pode recoller no casilleiro da Sala de Profesores ou en Xefatura de Estudos os impresos que se facilitarán aos alumnos nas primeiras sesións de titoría para que xustifiquen aquelas ausencias que teñan ao longo do curso, en canto se reincorporen ás clases. De non facelo así, o titor/a correspondente debe imprimir semanal ou quincenalmente o impreso de faltas e deixalo en sobre co enderezo en Conserxería para o seu envío. De retrasarse, non producirse a xustificación ou dubidar acerca dela, o titor deberá comprobar, telefonicamente en primeira instancia , os motivos da falta de xustificación das faltas. De non conseguir o contacto telefónico, de non funcionar a comunicación a través dos propios alumnos e de continuar a situación, o titor comunicará a Xefatura de Estudos tal extremo. O paso seguinte, de haber un número elevado de ausencias inxustificadas ou de maneira que pareza inadecuada,etc., procederíase a aperibir ao alumno, mediante impreso comunicado e asinado por titor e Xefe/a de Estudos, conforme ao establecido no Regulamento de Réxime Interno do Centro.

Diante de situacións de “desaparición” de alumnos/as, debe comprobarse coa Xefatura de Estudos que non se trate dun erro a fin de poñer os mecanismos para coñecer da situación, dado o carácter de escolarización obrigatoria de todos os menores de 16 anos(e a subseguinte responsabilidade).

RENDEMENTO ACADÉMICO. O titor ten encomendado o labor específico de organizar e presidir as sesións de avaliación e preavaliación que o centro estableza, dentro do marco da lei. Ademais a de colaborar nas medidas xerais de apoio e reforzo establecidas para cada alumno como consecuencia dos procesos de avaliación. Tamén se interesará polas medidas concretas das que se responsabilicen outras instancias: profesorado de área, departamentos didácticos, departamento de orientación.

Polo tanto, na avaliación inicial para alumnado de nova incorporación ao centro, ten a responsabilidade de coordinar aquelas accións que teñan como consecuencia adoptar medidas especiais de apoio, reforzo, elaboración de ACIs,etc., para aqueles alumnos da súa titoría que o requiran.

E relación ao resto do alumnado, colaborar nas medidas xerais de apoio e reforzo establecidas para cada alumno como consecuencia dos procesos de avaliación. interesándose e participando na medida que poida polas medidas concretas das que se responsabilicen outras instancias: profesorado de área, departamentos didácticos, departamento de orientación, etc.

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS. O titor asume o compromiso da iniciativa de falar coa familia:

- Sempre que se observe algún problema co ou do alumno,
- Cando haxa unha baixada do rendemento académico rechamante,
- Cando haxa un cambio de actitude significativo.

Ademais, sempre que unha familia o solicite, na hora previamente establecida, ou outra que acorden ambos, o titor deixará constancia por escrito dos datos básicos da dita entrevista:

- Datos do alumno,
- Data da entrevista,
- Motivo,
- Temas tratados,
- Orientacións dadas ás familias,
- Compromisos adquiridos, e
- Resume da información máis significativa obtida..

Pola súa parte, subministrará ás familias datos relativos a :

- Rendemento académico,
- Actitude fronte á aprendizaxe,
- Integración no grupo e no centro, e
- Cambios significativos observados.

Procurará recoller e transmitir as demandas dos pais ao resto do profesorado, coa información dos temas tratados e compromisos adquiridos.

O titor/a é, polo tanto, o interlocutor entre as familias do alumnado do grupo da súa titoría, ao que debe procurar coñecer e orientar polo miúdo e cun seguimento o máis cercano posible de todos e cada un dos aspectos encomendados.

Intentará na medida das súas posibilidades interesar a aquelas familias que non manteñen contacto ningún co centro no desenvolvemento académico e persoal dos seus fillos/as, mediante citación siquera unha vez no curso, a fin de non pasar por alto circunstancias que, froito da discreción de alumnos e familias serían relevantes, ou mesmo para propia satisfacción de alumnos e familias que, por non precisar unha axuda determinada, poden ter a impresión de estar sendo descoñecidas.

En caso de precisar asesoramento ou axuda en relación co desempeño do seu labor titorial, deberá dirixirse e poñelo en coñecemento do Departamento de Orientación do centro e/ ou a Xefatura de Estudos.

10.4 PLANO DE AUTOPROTECCIÓN. FUNCIONAMENTO.

O documento completo e complexo que é o Manual de Autoprotección do Centro reflicte, entre outras cousas, o procedemento a levar a cabo en caso de calquera emerxencia que se poida dar no centro, clasificadas en función da súa gravidade. De xeito resumido, o procedemento para o peor dos casos (desaloxo do centro) sería o seguinte:

1. Aviso a un membro de dirección a fin de valorar a situación. Procederá, en caso necesario, a requirir axuda exterior (teléfonos 112 e 061, Policía Local e Garda Civil). En canto se detecte, se houbera persoal cerca, proceder a envialo á planta baixa, causando a mínima alarma, cerrando ao paso as ventás e portas do local foco do incendio.
2. En caso de incendio ou similar, cortar a corrente eléctrica (en Conserxería, á entrada esquerda).
3. Distribución dos membros do equipo directivo e os profesores de garda e outros sen clase por plantas, co obxecto de levar a cabo o desaloxo.

O ascensor será inutilizado de inmediato polo persoal de conserxería.

Dous ou tres profesores disponibles faranse cargo de cada alumno con minusvalía física (no presente curso, non hai ningún).

Farase soar o timbre por tres veces, indicando o desaloxo das plantas.

Os alumnos saben que deben desaloxar o centro á maior brevidade, en completa orde e sen recoller as súas pertenzas (as chaquetas en caso de adversidade metereolóxica).

O profesorado terá saído da aula, comprobando que non queda ningún alumno/a rezagado e agardará o sinal de baixada cerca da escaleira máis próxima acompañado do seu grupo de alumnos (os que estivera atendendo nese momento). Procurarán manter a calma e que non se produzan ruído innecesarios (gritos, chamadas entre alumnos...) que poidan entorpecer as manobras.

O membro do equipo directivo e os profesores de garda en cada planta farán unha rápida comprobación nos servicios para verificar que o desaloxo sexa completo.

As ventás e as portas deben quedar sempre pechadas (extremo que o profesor de cada aula e os propios alumnos comprobarán antes de abandoala.).

Non se permitirá volver atrás a ningún alumno por ningunha circunstancia.

Cada profesor acompañará ao grupo de alumnos co que estivera nese momento ata o punto de reunión, procurando ter conta do grupo de alumnos. Pola súa parte, o alumnado contribuirá a solventar a circunstancia, extremando a súa colaboración.

O persoal de administración ou secretaría pechará todas aquelas dependencias que o precisen, logo as portas, sucesivamente, e colaborará desde conserxería co resto do persoal.

O persoal da cafatería procederá a cortar luz e auga, desenchufar os aparellos, cerrar o local e dirixiranse co resto do persoal ao lugar previamente establecido.

A fin de que, diante de calquera circunstancia imprevista calquera profesor do centro alleo á dirección tivera que coordinar todo o procedemento, un listado telefónico cos teléfonos urxentes imprescindibles estará en Conserxería, na Administración e nas dependencias de Dirección, xunto cun exemplar do plano de autoprotección.

Para todas as urxencias:

- a) Avisar a un membro de dirección.
- b) Consultar ao 112, ao efecto de recibir o asesoramento especializado.
- c) Proceder conforme ás instrucións recibidas.

É importante recordar que a colaboración de todos os membros do persoal docente e non docente é, non só imprescindible para a resolución de calquera incidencia, senón que a inhibición estaría penada pola lei (ordinaria: auxilio; específica).

Para un correcto mantemento dos medios de que está dotado o centro cara a autoprotección é tamén moi importante que, en caso de observar conductas que deterioren o material (extintores, manguerías,...) se proceda de inmediato comunicándoo á dirección, identificando ao/á/s alumno/a/s implicado/a/s a poder ser, impedindo as conductas cando fora posible e sensibilizando todos ao alumnado en relación ás consecuencias e á gravidade de tales conductas.

Igualmente cando se observen deterioros de enchufes ou outro material susceptible de causar problemas de gravidade. Especialmente sensibles son os talleres, as aulas específicas e o ximnasio do centro.

Tamén se encarece o coidado coas ventás e o seu peche coidadoso á saída das ultimas clases.

Outros protocolos para diferentes casuísticas cotiás quedan reflectidas a continuación:

1.- Para caso de accidentes:

Dependendo de onde se produza, como e que importancia teña o accidente, procederase así:

- a) Accidente fóra do centro:

- se houbera un único profesor encargado dun grupo de alumnos (necesariamente menor ou igual a 20), comunicará coa dirección do centro a fin de establecer, en relación coas características do accidente e as circunstancias, un plan de actuación individualizado.
- en caso de haber máis dun profesor, un deles acompañará ao alumno/a en busca de recibir a atención médica necesaria e o outro quedará ao cargo do grupo restante de alumnos ata o regreso ao centro. Non obstante, comunicarán inmediatamente a incidencia á dirección do centro a fin de que os pais ou titores do alumno/a sexan alertados de tal circunstancia, para propio coñecemento e por se houbera necesidade de dar algunha instrucción especial, en vista das circunstancias.

Cando un profesor ou varios acompañando ao alumnado nunha actividade complementaria se ausenten do centro, irán provistos dun teléfono móbil do centro a fin de facilitar en todo momento a comunicación entre tal grupo e o propio centro.

b) Accidente dentro do centro:

1. Avisar a un membro de dirección a fin de valorar entrambos a situación.
2. Consultar, en caso de dúbida mínima ao 112 ou ao 061 acerca do procedemento de actuación: conveniencia ou non do traslado, primeira valoración médica por teléfono ...
3. Avisar á familia do alumno a través do teléfono, que se facilitará dos datos de secretaría (XADE ou expediente do alumno/a)
4. En caso dunha lesión que se vexa de pequena importancia (máis do 80% das que se producen case a diario nos centros), procederase a trasladar ao alumno/a ao Centro de Saúde se é de 1º ou 2º de ESO, habitualmente o de Cambre, ou se se tratara dun alumno/a de 3º,4º de ESO ou bacharelato ou ciclos, ao Policlínico Santa Teresa.

O profesor de garda, libre, que terá sido avisado, será o que habitualmente se teña que encargarse de acompañar ao alumnado cando se presenten estas circunstancias. Levará a documentación correspondente, debidamente cumprimentada, a saber, un impreso no que se solicita a prestación da atención sanitaria para o alumno/a, máis un pequeno xustificante de que o alumno pagou o importe anual das taxas do seguro escolar (só a partir de 3º de ESO).

Unha conserxe ou persoal en secretaría terá avisado un taxi para o desprazamento. Co ticket do taxi de ida e volta, devolverase o importe aboado polo profesor no servizo de garda.

Procurarase proceder sen alarmismos, calquera que sexa a situación, e tranquilizando ao alumno/a.

11 AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC.

Como todo documento vivo e de tal importancia para a vida do centro, que o elabora entre todos e o fai guía do seu labor diario e do seu obxectivo a máis estenso prazo, ten que ser obxecto de avaliación regular. Para que non perda a súa vixencia e a súa relación coa comunidade .

Así o marca a lexislación, pero sobre todo parece imprescindible e de sentido común, se non queremos que se convirta, á volta de poucos anos, nun documento obsoleto e sen relación algunha co propio centro, que variará necesariamente cada ano.

Para que continúe a ser, despois da súa aprobación, un documento:

- Froito do consenso de todos,
- Asumido por todos,

é necesario artellar un procedemento, o máis simple posible, para a súa avaliación e , de ser necesario, cando sexa necesario, a súa modificación.

Tal procedemento podería ser:

- a) Que a avaliación e/ou revisión do PEC apareza como punto da orde do día de CCP, Claustro e Consello Escolar ordinarios do 2º trimestre de cada curso.
- b) Que durante todo o 2º trimestre de cada curso quede aberta a todos sectores representados no consello escolar a posibilidade de presentar as súas propostas neste sentido, na Secretaría do centro, por escrito e con sinatura.
- c) Que en caso de haber presentacións para a revisión do documento, a fins dese 2º trimestre se poñerá o conxunto delas a disposición de toda a comunidade educativa para o seu coñecemento e para tomar postura. Someteríanse á

consideración do Claustro ordinario do 3º trimestre e, posteriormente, á decisión do Consello Escolar ordinario do 3º trimestre de cada curso, para que entraran en vigor cara ao seguinte curso escolar.

DIFUSIÓN DO PEC.

Exemplares do PEC serán, unha vez aprobado, e en cantas ocasións sexa modificado ofrecidos a todos os sectores da comunidade educativa.

Cada membro do Claustro e cada membro do Consello Escolar terá un exemplar á súa disposición.

Na Secretaría do centro haberá exemplares para a súa consulta e disposición, cando pareza conveniente, en todo momento.

Ao alumnado faraselle saber esta disponibilidad a través da xunta de delegados.

Asimesmo, darase un exemplar á ANPA do centro

APROBACIÓN

Este Proxecto Educativo de Centro foi aprobado integramente en Claustro de data 13 de maio de 2003 e en Consello Escolar celebrado ó 26 de xuño de 2003.

No curso 2011-12 foi aprobada en Claustro con data _____ e polo Consello Escolar con data
_____ unha actualización deste documento.

Contidos aprobado en Claustro o 27 de xuño de 2006 e en Consello Escolar o 3 de outubro de 2006:

1º Adecuación ao contexto dos obxectivos xerais das etapas educativas

. Educación Secundaria Obrigatoria.

- a. Asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos de forma responsable.
- b. Practicar o diálogo, a tolerancia e a solidariedade entre as persoas, desenvolvendo actitudes de respecto á diversidade de linguas, valores e crenzas e de rexeito a calquera tipo de discriminación, fomentando o interese polo coñecemento e o intercambio con outras culturas.
- c. Afianzarse nos valores comúns dunha sociedade participativa e democrática.
- d. Comprender e expresar con corrección textos complexos, oralmente e por escrito, en lingua castelá e lingua galega e iniciarse na lectura, o coñecemento e o estudo da literatura.
- e. Desenvolver a competencia comunicativa nunha ou mais linguas estranxeiras, a fin de facilitar o acceso a outras culturas.
- f. Concibir o coñecemento como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas.
- g. Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas do aprendizaxe, e como medio para o desenvolvemento persoal.
- h. De cara á adquisición de coñecementos, utilizar con sentido crítico os contidos e as fontes de información.
- i. Afianzar o sentido do traballo en equipo como medio para desenvolver o espírito de cooperación e complementariedade entre as persoas.
- j. Entender a dimensión práctica dos coñecementos e adquirir una preparación básica no campo das tecnoloxías, a fin de usalas no proceso de aprendizaxe, para encontrar, analizar, intercambiar e presentar a información e o coñecemento adquiridos.
- k. Adquirir e desenvolver habilidades orientadas á toma de decisións como instrumento para o desenvolvemento da capacidade de iniciativa e da confianza en si mesmo.
- l. Coñecer os aspectos básicos da cultura e historia de Galicia e respectar o patrimonio artístico e cultural.
- m. Coñecer a diversidade de culturas e sociedades, a fin de poder valoralas criticamente, desenvolvendo, ó mesmo tempo, actitudes de respecto pola cultura propia e por a dos demais.
- n. Coñecer, valorar e respectar os bens artísticos e culturais.
- o. Coñecer o medio social, natural e cultural do noso contorno, utilízalo como instrumento para a formación e contribuír a súa conservación e mellora..
- p. Coñecer e analizar os principais factores que inflúen nos feitos sociais.
- q. Coñecer as leis básicas da Natureza e as principais consecuencias que de elas se derivan.
- r. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados con a saúde, o consumo e o medio ambiente.
- s. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer seu desenvolvemento persoal.

. Programa de Cualificación Profesional Inicial (PCPI).

- a) Asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos de forma responsable.
- b) Practicar o diálogo, a tolerancia e a solidariedade entre as persoas, desenvolvendo actitudes de respecto á diversidade de linguas, valores e crenzas e de rexeito a calquera tipo de discriminación.

- c) Afianzarse nos valores comúns dunha sociedade participativa e democrática.
- d) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas do aprendizaxe, e como medio para o desenvolvemento persoal.
- e) Afianzar o sentido do traballo en equipo como medio para desenrolar o espírito de cooperación e complementariedade entre as persoas
- f) Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados con a saúde, o consumo e o medio ambiente.
- g) Formar alumnos e alumnas reponsables e comprometidos coa súa profesión cara a súa integración na sociedade e desenvolvemento da súa personalidade.
- h) Coñecer o medio social, natural e cultural do noso contorno, utilízalo como instrumento para a formación e contribuír a súa conservación e mellora.
- i) Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados con a saúde, o consumo e o medio ambiente.

. Bacharelato.

- a) Consolidar unha conciencia cívica, inspirada nos valores das sociedades democráticas.
- b) Afianzar habilidades orientadas á toma de decisións como instrumento para o desenvolvemento da capacidade de iniciativa, da confianza en si mesmo, o sentido crítico e o espírito innovador.
- c) Coñecer, desde una perspectiva universal e plural, as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.
- d) Dominar as habilidades básicas propias da modalidade de Bacharelato escollida.
- e) Dominar as técnicas e procedementos que faciliten a busca de información a fin de plantexar e resolver adecuadamente os problemas propios dos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- f) Comprender os procedementos fundamentais da investigación en cada disciplina.
- g) Coñecer e saber usar, tanto na expresión oral coma na escrita, a riqueza e as posibilidades expresivas das linguas castelá e galega así como a literatura, a lectura e o análises das obras literarias máis significativas.
- h) Expresarse con fluidez nunha ou máis linguas estranxeiras.
- i) Afondar no coñecemento e no uso habitual das tecnoloxías da información e a comunicación de cara ó aprendizaxe.
- j) Desenrolar a sensibilidade artística.
- k) Consolidar a práctica do deporte.
- l) Valorar de forma crítica a contribución da ciencia ós cambios que teñen lugar nas condicións de vida.
- m) Afianzar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.
- n) Desenvolver a sensibilidade cara as diversas formas de voluntariado.
- o) Utilizar estratexias de recollida, análise de información e toma de decisións sobre o futuro académico e profesional, tendo en conta os propios intereses e as posibilidades de inserción nos mundos académico e laboral.
- p) Consolidar unha madurez persoal, social e moral que lle permita, ter constancia no traballo, confianza nas propias posibilidades e iniciativa para resolver novos problemas, formular xuízos independentes e actuar de forma responsable e autónoma.
- q) Coñecer, valorar e respectar o patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia, para participar de forma cooperativa e solidaria no seu desenrolo e mellora.
- r) Coñecer o medio social, natural e cultural do noso entorno, utilízalo como instrumento para a formación e contribuír a súa conservación e mellora..

.Ciclos formativos.

- a) Consolidar unha conciencia cívica, inspirada nos valores das sociedades democráticas.

- b) Afianzar habilidades orientadas á toma de decisións como instrumento para o desenvolvemento da capacidade de iniciativa, da confianza en si mesmo, o sentido crítico e o espírito innovador.
- c) Valorar de forma crítica a contribución da ciencia ós cambios que teñen lugar nas condicións de vida.
- d) Afondar no coñecemento e no uso habitual das tecnoloxías da información e a comunicación de cara ó aprendizaxe.
- e) Afianzar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.
- f) Consolidar unha madurez persoal, social e moral que lle permita, ter constancia no traballo, confianza nas propias posibilidades e iniciativa para resolver novos problemas, formular xuízos independentes e actuar de forma responsable e autónoma.
- g) Formar profesionais responsables e comprometidos coa súa formación cara a integrarse no ámbito laboral e o seu desenvolvemento como persoas.